

Ponteareas liquida o plan de pago a provedores

Páxina 4

Homenaxe ós asasinados no 1936 en Arbo

Páxina 11

Novos Espazos de emprendemento local en Mondariz e As Neves

Páxina 15

A Cañiza conta cun novo vial en Achas

Páxina 15

A Deputación construíra unha rotonda no cruce de A Costeira, no Porriño

Páxina 19

## Ponteareas entra no Vaticano cantando

A Coral do C.A.Sportivo actuou en Santa María Maggiore e na Basílica de San Pedro do Vaticano

Páxina 5



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

# Óptica mahen

## Felices Fiestas

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939



## OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

## Unha débeda con Maruja Mallo

Galicia ten unha débeda coa xennial pintora Maruja Mallo (Viveiro, 1902-Madrid, 1995). Malia que naceu na Mariña Occidental, as súas lembranzas eran da Costa da Morte, porque viviu na súa nenez en Corcubión cuns seus tíos. Nos anos 20 xurde como artista naquel Madrid da xeración do 27, canda Alberti, García Lorca ou Dalí e amosa unha obra orixinalísima inserida nos vangardismos da época. Mais nos primeiros 30 amplía estudos en París, incorporándose ao surrealismo e partillando con Breton e Éluard. No 1936 botou un verán enteiro na Galicia tirando ideas para o seu Cuaderno de Galicia. Exiliouse no 1937 e pasou a Chile, Arxentina e USA para se establecer en Madrid no 1965, nunha cidade gris que tanto contrastaba con aquela cidade brillante dos 20 e 30. Morreu na mesma cidade no 1995, despois de recibir o afecto, mais non o cabal entendemento,

de moitos dos referentes daquela movida madrileña dos 80.

Galicia ficou á marxe de todo recoñecemento á obra de Maruja Mallo, unha das melloras pintoras do século XX a quen sen dúbida lle rebaixou coñecemento a súa condición feminina, o delongado exilio e unha personalidade independente que quizais fixo medrar á persoa e minguar á artista. Hai, claro, excepcións (a exposición primeira do CGAC e a da Fundación Caixa Galicia, a exposición Mulleres do silencio comisariada por Rosario Sarmiento, o documental Maruja Mallo, mitad ángel mitad marisco, de Antón Reixa para TVE ou a biografía dos historiadores Carlos Nuevo Cal e Emilio Xosé Insua Maruja Mallo, de

prometedora pioneira a artista universal). Malia os moitos anos que viviu, a súa obra, cualitativamente moi importante e variada non é esaxerada cuantitativamente. Quere isto

dicir que podería ser obxecto de exposicións temporais ou permanentes na Cidade da Cultura de Galicia, canda outros artistas senlleiros. Que mellor ca

unha mostra da mellor arte deste País para encher de contidos unha obra tan desaquelada, mais que está aí e compre aproveitármola.

Maruja Mallo é parte da historia da arte europea e o seu nome ficou asociado de vez cos mellores do surrealismo do Vello Continente. Como ten dito Rosario Sarmiento foi unha muller que loitou dende todas as fronteiras pola súa liberdade, por ser unha auténtica artista do seu tempo por riba dos atrancos, os prexuízos do seu sexo ou a definición feminina...



por: Ramón Coira Luaces

## Carlos Casares

Carlos Casares Mouriño, escritor e crítico literario, naceu en Ourense en 1941, no seo dunha familia de clase media. Con tres anos trasládanse a Xinzo de Limia, onde o seu pai exerce como mestre. Estudou Humanidades no Seminario de Ourense, onde viviu unha forte represión lingüística que o deixaría marcado e que despertou o seu espírito inconformista.

Coñeceu a Vicente Risco, ao gañar o primeiro premio dun concurso provincial de contos de Nadal, e tratouno, asistindo á tertulia do café Parque.

Entre os anos 1961 e 67, estudou en Santiago de Compostela Filosofía e Letras. Coñeceu a Ramón Piñeiro, que exerce unha grande influencia sobre el, participando Carlos tamén do labor cultural galeguista e antifranquista, porque a nosa lingua e cultura estaban no bando perdedor da Guerra Civil e o réxime franquista sempre lles foi hostil. Ademais formou parte da Asociación Democrática de Estudantes e do Frente de Liberación Popular, onde descubriu o marxismo e sentiuse marxista.

En 1967 publica en Galaxia a súa primeira obra: Vento ferido. Rematada a carreira, comeza a traballar en 1969 como profesor auxiliar en Viana do Bolo no Colexio Libre Asociado, ano no que publica a novela vangardista, Cambio en tres. Entrou en conflito coa dirección do colexio de Viana por realizar actividades que non gostaban ao Réxime e foille prohibido o exer-

cicio da docencia en toda Galiza. Traballou un breve período como profesor en Bilbao. E, por encargo de Ramón Piñeiro, traballou nunha edición crítica de Aires da Miña Terra de Curros Enríquez. En 1971 coñece



no tren a Karin Anna Kristina, unha rapaza de Suecia, coa que casa ese mesmo ano, coa que ten dous fillos e coa que convive ata a fin dos seus días. Deste xeito, Carlos viaxa frecuentemente a Suecia e coñece de primeira man unha sociedade democrática, aberta e avanzada.

En 1974 preséntase ás oposicións de profesor de Lingua e Literatura Española, aproba e consegue praza no Instituto de

Cangas, sendo expedientado ao pouco tempo, xunto con Méndez Ferrín, Alonso Montero e Francisco Rodríguez.

Coa obra Xoguetes para un tempo prohibido gaña o Premio Galaxia que conmemora o 25 aniversario da editorial e o Premio da Crítica Española 1976. Isto, xunto cos estudos realizados sobre Otero Pedrayo e Curros levárono en 1978 a ingresar na Real Academia Galega, a pro-

PSdeG-PSOE en 1982. O seu labor centrouse na aprobación da Lei de Normalización Lingüística -a iniciativa de Camilo Nogueira- e outros asuntos relacionados coa cultura galega. Non se volveu presentar e adicouse ao traballo cultural, chegando a presidir o Consello da Cultura Galega, a dirixir a editorial Galaxia e a revista Grial.

Publica tamén Os mortos daquel verán (1987), Premio Losada Diéguez, Deus sentado nun sillón azul (1996), Un país de palabras (1998), Premio da Crítica Galega de 1999 e, postumamente, O sol do verán (2002). Tamén quero destacar que traduciu ao galego O principio de Saint-Exupéry (1972) e O vello e o mar de Hemingway (1998) e que escribiu dous clásicos da literatura infantil: A galiña azul (1968) e As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas (1973).

A finais dos 90 foi presidente do PEN Club de Galicia e viaxou polo estranxeiro participando en numerosos congresos e encontros. Fixo colaboracións en "La Voz de Galicia", recopiladas nun libro e nas que conta pequenas e curiosas anécdotas. Obtivo tamén o Premio Xunta de Galicia á Creación Literaria (1989) e o 1º Premio Otero Pedrayo das deputacións galegas. Faleceu dunha crise cardíaca en Nigrán no 2002. Teño que dicir que escribiu e traduciu aínda máis e eu só recollín o que me pareceu máis representativo.

A RAG adícalle oportunamente o Día das Letras Galegas de 2017, polo que este ano é un bo momento para ler algo máis deste autor e celebrar a principal festa da nosa cultura, apoiando tanto a escritores e escritoras como ás editoriais...

posta de Domingo García-Sabel, Ramón Piñeiro e Marino Dónega Rozas. Publica Os escuros soños de Clío (1979), Premio da Crítica de Galicia 1980, e Ilustrísima (1980). Asinou un manifesto reclamando un Estatuto de Autonomía parello ao catalán e vasco e participou xunto con Ramón Piñeiro nas eleccións galegas, sendo elixidos ambos os dous como deputados independentes na lista do

## EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



## Boa saída e mellor entrada!!

Estamos a poucos días do Nadal (refeirido a o día que a tradición nos indica que naceu Xesucrito, aínda que as datas varían en función das variantes cristiás); son tempos de reflexión sobre o que nos ocorreu durante o ano e tamén de volver a vista atrás e comprobar se fixemos todo o que estaba nas nosas mans para que o mundo fora un chisco máis decente.

As cidades, as vilas, os pobos...ilumínanse e soan os cánticos que nos transportan sen querer as festas do Nadal e Aninovo. Parecera que o mundo fixera unha paréntese para botarse nos brazos da alegría, de confraternidade, do amor. Todos nos queremos por Navidades... Iso é o que parece pero, como tantas outras cousas que nos ocorren, só se trata dun espellismo. Non hai tal cousa. De habela tiñan desaparecido as imaxes de milleiros de cidadáns vagando por eses mundos de Deus (ou do Diabo, vai ti a saber), de cidades enteiras derrubadas polas bombas que reciben de quen di lles está axudando.

Non; non estamos en Nadal. Estamos vivindo un soño cruel, nunha noite eterna que nin á saída do sol desaparece.

Só escoitamos voces que falan de traballos máis ou menos retribuídos. Xiramos nunha noria que nos ten mareados; xa non sabemos de verdade en que mundo vivimos. Uns din que o futuro está por chegar, que a cibernética nos vai liberar da esclavitude do traballo; que imos cara a un mundo no que en vez de pisar cos pés no chan imos levitar; que os robots hominoides farán o traballo por nós; ata serán quen de pensar e decidir. Aldos Huslei quedouse curto; a ficción xa supera a realidade. O cine móstranos outros mundos que nada teñen que ver co noso. Dín que así vai ser. Coches sen conductor, avión sen piloto,...tal vez aumentemos de peso sen probar bocado. En fin, como dín na aldea, o nunca visto.

Sen embargo, cando vaixamos a triste e cruel realidade todo é distinto. Non é que esas cousas non estean pasando e tal vez sexan verdade no futuro inmediato; si están pasando; pero é que a carón dese mundo que se quere virtual existe outro

máis real, máis noso, máis humano, ou inhumano. Millóns de nenos no mundo que morren sen apenas abrir os ollos por falta de atención médica e alimentaria. Millóns de homes e mulleres sen rumbo, dispostos a morrer na percura dunha saída humana a una situación desesperada porque os recursos que existen non lle alcanzan. Son



repartidos por uns cantos que viven nese outro mundo virtual e paralelo para non ter que comprobar como a súa vida de vicio e despilfarro, como o seu egoísmo insaciable son o caldo de cultivo de tanta miseria.

Países que se din cristianos; que utilizan as crenzas como argumento das súas fechorías. Medios de comunicación ao servizo dos intereses empresariais duns cantos miles de empresarios que son os donos do mundo. Mentres cada dáis familias enteiras son postas na rúa porque non poden pagar una vivenda eles mercan enormes edificios para instalar alí novos comercios, novas industrias que lle van xerar, sen apenas mover un dedo, grandes beneficios. Fannos crer que se trata de xerar riqueza, de crear postos de traballo. Que infamia!! Que desvergoña!! O mundo caese a trozos

mentres os de sempre brindan con champagne porque estamos en Navidade; porque son días de Festa e de ledicia. Para quen?

Realmente, algúns, poucos é certo, sentimos náuseas de tanta mentira, de tanto alienamento cidadán, de comprobar como vivimos rodeados de homes e mulleres sen alma, sen sentimentos, sen sentido da

funda o mundo”.

Este triste panorama non desaparece nas Festas de Nadal. Todo o contrario. Faise máis visible, máis palpable cando reflexionamos e nos decatamos que millóns de seres humanos non teñen un mendrugo de pan que levarse a boca nin sequera nestas datas.

Estiven uns días visitando Roma e o Vaticano. Aí milleiros de persoas de todos os países van dun lado para outro admirando edificios, cadros de pintores famosos, lenzos insuperables que forman parte da riqueza monumental daqueles lugares. Diante das ringleiras interminables para entrar na Capilla Sixtina, por exemplo, pagando 45 euros, pensaba para os meus adentros: “Se se fixera o milagre de que todos nós, os que aquí estamos hoxe e todos os días do ano, foramos tocados por ese espírito de fraternidade e de humanidade que alí parece facer mella nos espíritus, no ar que alí se respira, poderíamos pensar que o mundo tiña solución. Pero todos sabemos que non é así. Cada quen volta aos seus lugares de procedencia e Roma, o Vaticano, seguen alí para denunciar una e outra vez que non é suficiente con darnos golpes de peito, nin visitar santos lugares (no suposto de que sexan tan santos, do que tamén teño as miñas dúbidas).”

Ben, para rematar, quero desexaralles a todos os lectores deste humilde xornal e a todos os que tampouco o van ler porque os seus intereses están noutro lado, tal vez na prensa deportiva que tanto “mola”, segundo dín, que o remate deste 2016 sexa o comenzo dun novo ano, dunha nova vida interior que lles libere de tantos prexuízos, de odios e rencores que só serven para amargar o día a día. Que as costumbres que sexan sanas e que demostren un corazón limpo e fraterno non se perdan.

Non sei se temos que gañarnos un futuro nesa outra vida que dende pequenos nos están anunciando. Si sei que temos a obriga moral e decendente de traballar por un mundo mellor

Que vdes.pasen una ¡! Boas Festas de Nadal e Aninovo!!



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosspanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdeturonio.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdeturonio.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016



## CONDADO / PARADANTA

## PONTEAREAS

## O Concello liquidou co Estado o pago de 9,3 millóns de euros do plan de pago a provedores

**Ponteareas pagou mais de 1 millón de euros en intereses pola débeda atrasada con provedores que adiantou Facenda en 2012 e 2013**

O Concello de Ponteareas vén de liquidar a totalidade da débeda contraída co Ministerio de Facenda polo anterior Goberno do PP e que fora adiantada polo Estado a través do plan de pago a provedores. Esta débeda ten a súa orixe nas miles facturas de gasto corrente sen pagar, acumuladas durante anos. Débeda que provocou o embargo mensual da metade dos ingresos que lle corresponden ao concello de Ponteareas da participación nos ingresos do Estado (PIE). O embargo total nos dous últimos anos, 2015 e 2016 sumou un total de 3.423.557,84

O importe da débeda adiantada en 2012 e 2013 polo Estado sumou

un total 8.242.944,28 euros. A esta cifra hai que sumar os intereses descontados tamén polo Ministerio e que sumaron un total de 1.044.735,18. Esta cifra corresponde cunha taxa media de intereses superior ao 6%, tipo de interese moi superior aos prezos do mercado nos últimos anos para as entidades públicas.

“Deste xeito quedaron pagadas a totalidade das facturas e os intereses do plan de provedores. Agora quedan varias sentenzas xudiciais firmes e reclamacións de débedas que suman máis de 1.500.000 de euros, débedas que temos que pagar nos vindeiros meses”, afirmou o alcalde, Xosé Represas.



## Tanino Runners organiza a V San Silvestre Solidaria de Ponteareas

O próximo xoves 31 de decembro de 2016 terá lugar a V edición da San Silvestre Solidaria de Ponteareas, con saída e chegada na Praza Maior de Ponteareas, unha proba solidaria e non competitiva organizada polos Taninos Runners de Ponteareas e o Concello.

O club Taninos Runners de Ponteareas quere indicar o alto grao de satisfacción pola moi boa acollida da proba. De feito, este ano ampliáanse as prazas, tanto na proba de adultos como na infantil. Así, a intención da organización é xuntar a 1000 persoas correndo polas rúas de Ponteareas na última tarde do ano.

A proba quere manter o compromiso solidario e non competitivo co que naceu e servir ademais de elemento dinamizador das rúas da vila

neste día tan sinalado promovendo o deporte e a solidariedade.

A inscrición é de balde, solicitándose aos participantes e familiares que se acheguen á praza Maior nese día, a doazón voluntaria de produtos alimentarios non perecedeiros e de hixiene persoal e do fogar. Todo o doado será destinado ao banco de alimentos do Concello de Ponteareas.

Neste ano 2016 celebrarase tamén a III edición da San Silvestre Infantil, na que poderán participar todos os rapaces e rapazas maiores de seis anos, distribuídos en tres categorías por idade. O inicio da proba infantil será a partir das 16:45 horas.

Na proba absoluta poderán participar os maiores de catorce anos. Sobre un circuito de 5 km polo centro de Pon-

teareas daranse dúas voltas e a hora de inicio da proba absoluta será ás 17:30 horas.

As inscricións deberán facerse exclusivamente a través da páxina web [www.taninos-ponteareas.com](http://www.taninos-ponteareas.com), ata o día 29 de decembro ou ata completar o máximo de participantes establecido para esta edición, 750 para a categoría de adultos e 250 na categoría infantil. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo nin no mesmo día da proba.

Os Taninos Runners de Ponteareas queren agradecer toda a colaboración de persoas particulares e empresas privadas, que fan posible a realización desta festa deportiva no último día do ano. Ademais, agradecen a comprensión de toda a cidadanía polo corte das rúas do centro durante o desenvolvemento das probas.

## Ponteareas acende o alumeado do Nadal

O Concello fixo un alumeado de Nadal nas rúas do núcleo urbano coa novidade unha árbore de nadal de dez metros de alto. Esta exposición do alumeado estará nas rúas de Ponteareas até despois de Reis. O Goberno municipal apostou por un deseño anovador, favorecedor da actividade comercial.

O alumeado consiste en 68 listas transversais, 53 motivos en farolas e espazos, árbore de 10 metros de alto co tapiz azul e un micro led branco, 8 árbores iluminadas na



Praza Maior. O Concello terá instalada tamén iluminación na fachada de seu. En total, 247.848 micro lámpadas led.

## FUCO PRADO





## PONTEAREAS

## Ponteareas entrou no Vaticano cantando

**A Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas foi convidada para cantar en Santa María Maggiore e na Basílica de San Pedro**

**D**o oito ao doce deste mes que andamos, a Coral do C. Artístico Sportivo, de Ponteareas, visitou Roma para actuar en dúas celebracións eucarísticas. O día nove, coralistas e acompañantes, visitaron Florencia da man dunha simpática guía, brasileira e casada en Roma.

O día dez celebrouse a primeira misa en Santa María Maggiore, oficiada polo Padre Carballo (Arzobispo). A coral cantou a misa "cantantibus organis". Ao remate interpretou "El Peregrino"; o público asistente sacaba os pañuelos; finalmente non resistiron e romperon en aplausos.

O día seguinte, día once, a Coral e acompañantes foron recibidos polo Padre Carballo as portas do Vaticano para mostrarlles a zona interior, vivenda do Papa incluída, explicando ao grupo a historia e función dos edificios que alí se atopan.

Unha vez que o Papa rematou "o anhelus" das doce, iniciouse una nova misa igual que a anterior e tamén celebrada polo P. Carballo, na Basílica de San Pedro. Ámbalas dúas foron dirixidas por Mónica Viro, filla do director da Coral D. Angel Viro que tocou o órgano, sentindo una emoción inenarrable, segundo as súas palabras.

Unha vez rematada a misa a Coral cantou "A Rianxeira", cousa que ninguén se atrevera facer naquela basílica. O público, sobre todo os españois asistentes á misa, aplaudiu a rabear.

O día doce tocaba visita á Embaixada

de España diante da Santa Sede para ser recibidos polo Embaixador Sr. Buruaga.

Logo de que unha guía particular explicara aos ponteareáns detalles sobre os lenzos e cadros alí existentes chegou o momento de ser recibidos polo Embaixador. Cousa que fixo a Coral cantando "El Peregrino". Isto agradou de tal xeito ao Embaixador que solicitou a presenza do personal da Embaixada e pediulle ao Director que a Coral cantara de novo para todos. Como non podía ser doutro xeito, a Coral cantou novamente "A Rianxeira". Gustoulle tanto que se comprometeu, se continua de Embaixador, a levar a Coral para actuar na misa de Santa María Maggiore o día oito de decembro de 2017, en presenza do Papa, co gallo da colocación da Coroa á imaxe da columna da Praza de España. Teñamos en conta, para valorar esta oferta, que este ano actuou, nese acto solemne, o Coro de RTVE.

Entre misa e misa a comitiva ponteareáns tivo tempo para visitar Roma, sobre todo a famosa e remozada Fontana di Trevi, onde as mulleres do grupo cumpriron co desexo de tirar a moeda de costas á fonte, coa pretensión de atopar marido as solteiras e de que "melloren" os seus casados; é de supoñer.

A Coral do Sportivo fixo entrega de sendos obsequios ao embaixador de España diante da Santa Sede e ao Padre Carballo.





## CONDADO / PARADANTA

## PONTEAREAS

## Ponteareas urxe a necesidade da posta en marcha da ampliación da Área Metropolitana de Vigo

**A Corporación Municipal de Ponteareas pediu na sesión ordinaria do pasado mes de xaneiro a súa adhesión. Esta será tratada, xunto a outros concellos veciños, en próximos plenos da Área.**

O Goberno municipal de Ponteareas levou a pleno o pasado mes de xaneiro unha proposta para manifestar “a vontade do Concello de incorporarse á Área a partir do momento de constitución da mesma para participar dende o inicio na toma de decisións”. A proposta tamén recollía como unha das prioridades a incorporación ao transporte público na área metropolitana no menor prazo posible.

Unha vez constituída a Área, a pesar de todo, a concelleira de Seguridade Cidadá e Mobilidade, Vanesa Fernández, lembra a necesidade e urxencia de pór en marcha o procedemento que permita a incorporación de novos concellos, porque “Ponteareas é a maior vila ao leste de Vigo, capital da comarca do Condado, e con influencia na actividade económica das vilas veciñas da Paradanta, non pode quedar fóra, dado que beneficiará á dinamización e desenvolvemento económico e comercial e par mais inri potenciará unha mobilidade activa e a baixo custo, capital para o futuro das xentes de Ponteareas e da comarca do Condado”, explica Vanesa.



A pertenza, o compromiso co traballo e a cooperación dentro da Área Metropolitana de Vigo fará que os nosos veciños poidan beneficiarse dunha de servizos independentemente da zona onde vivan ou do número de habitantes que teña o municipio. “Ponteareas, capital da comarca do Condado, non pode sufrir por máis tempo o afastamento no que nos sumiu a miopía política do PP non querendo que Ponteareas estea na toma de decisións da Área Metropolitana”, explicou Vanesa Fernández concelleira de Seguridade Cidadá e Mobilidade. “Se nada o impide, Ponteareas poderá adherirse á Área Metropolitana de Vigo na primeira ampliación”, indica.

## O Concello convoca unha xornada cos empresarios para recuperar a actividade industrial en Ponteareas

**Para unha maior colaboración entre empresarios e a institución municipal utilizarase as técnicas de “networking”**

O Goberno municipal de Ponteareas ten como un dos obxectivos favorecer a actividade industrial e a creación de emprego no noso Concello. Nestes anos, o sector industrial foi un dos máis afectados pola crise económica. “Logran co seu esforzo e ilusión activar á economía e, por tanto, á cidadanía, axudando a facer de Ponteareas un pobo próspero e atractivo”, comunica o alcalde, Xosé Represas.

É por iso que o Concello de Ponteareas vai organizar para o día 27 de xaneiro unha xornada

de traballo (networking) para o sector industrial do Concello que se vai celebrar no Centro de Desenvolvemento Local.

“Somos conscientes desta situación e agardamos unha pronta resolución da Xunta sobre o Plan urbanístico, un primeiro paso imprescindible para resolver moitas das dificultades para manter e ampliar a actividade empresarial e industrial”, asume o Goberno local.

No camiño á modernización da administración local co obxectivo de elaborar unha resposta áxil e eficaz que ofrecer

aos empresarios e a cidadanía tócase o Goberno municipal de Ponteareas, tras diversas conversas co sector no que corresponde ás responsabilidades municipais para coa recuperación do tecido industrial de Ponteareas, unha demanda unánime e ineludible para crear emprego e riqueza no termo municipal.

Con este encontro preténdese un maior coñecemento da actividade industrial de Ponteareas cara a administración local, aínda que tamén iniciar un proceso de maior relación entre todas as empresas existentes porque terá redundancia en maior actividade e negocio, amais de informais sobre os aspectos referidos ao traballo en rede (networking)

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social  
Mercantil | Contable

ASER GALICIA

ASESORÍA DE EMPRESAS

C/ República 11, 1º, 36900 Paradanta (Baiona) (Ponteareas)  
Tel: 986 540 015 - Fax: 986 541 571 - aser@asergalicia.com

C/ Ceiro de Castro 11, 1º, 36400 Silleda (de Iria) (Ponteareas)  
Tel: 986 564 252 - Fax: 986 564 256 - aser@asergalicia.com

Vinoteca  
**Eira Vella**  
viños, tostas, pulgas e demais...

Rosalía de Castro 12 Baixo  
Ponteareas

694 416 706

## PONTEAREAS

## ADENCO considera inadmisíble a utilización de pavimento con vidro na “restauración” da senda do Tea

Xa van tres anos de loita por parte do colectivo ecoloxista ADENCO contra a irracionalidade das actuacións vinculadas coas sendas fluviais realizadas nas beiras do espazo protexido río Tea. Neste tempo o río ten dado a razón ao grupo ecoloxista en varias ocasións provocando a achega de centos de toneladas de xabre e de madeiras ao curso fluvial e o malgasto de centos de miles de euros que só serviron para afectar ao espazo protexido. A senda transcorre polas áreas inundables do río polo que estes impactos eran facilmente previsíbles.

Tras múltiples procesos, agora as administracións implicadas deciden, por fin, eliminar varios treitos da senda. Entre eles o que afectaba ao Castro da Croa e polo que o concello de Ponteareas foi sancionado tras a denuncia do Grupo Ecoloxista. Así consta na autorización da “restauración” da senda que ADENCO acaba de coñecer recentemente. Nese documento a propia administración recoñece o uso anterior de cemento na senda, un aspecto denunciado por ADENCO no seu momento. Nin a utilización de cemento puido parar ao río e agora as administracións impli-

cadadas pretenden nalgúns treitos da senda dar un paso máis aló.

Así, a “restauración” contempla un elemento ao que ADENCO se opón de xeito frontal, a utilización de pavimento con vidro nalgúns treitos da senda. Este feito afectará novamente ao hábitat prioritario da Rede Natura 2000 os bosques aluviais de amieiros e freixos, unha das principais motivacións de que o Tea sexa un espazo protexido. ADENCO considera ademais que esta actuación só servirá para adiar a acción do río que, nas áreas inundables, voltará reclamar o que é seu.

## O PP está farto de que Represas culpe de todo ao anterior goberno

Ante as últimas declaracións realizadas polo Sr. Represas en relación á carencia de espazos públicos destinados a distintos colectivos sociais, nas que culpa, unha vez máis, ao PP de “malgastar sen control e sen gastar nin un so euro en novas dotacións e locais”, o portavoz do PP, Salvador González Solla quere deixarlle claro ao Sr. Represas que xa está ben de queixarse e buscar desculpas falsas para tratar así de eludir a súa responsabilidade e ocultar a súa nefasta xestión.

Dende o PP manifestan que nos 11 anos de goberno de González Solla, e a pesar da difícil situación económica que atrave-

saba o Concello, se a algo se lle deu prioridade foi ao saneamento económico do Concello, así como tamén ir dotando de locais públicos aos distintos colectivos onde puideran desenvolver as súas actividades, e tendo en conta que moitas das parroquias carecían dun mínimo local no que poder reunirse.

Deste xeito, leváronse a cabo obras de nova construción, de ampliación e de mellora de máis dunha vintena de casas socioculturais en distintas parroquias como Bugarín, Prado, Arcos, San Mateo, Moreira, Guillade, Fozara, Ribadetea, Guláns, Pías, entre outras, con inversións de máis de 5.000.000 de euros

neste tipo de infraestruturas, creando así unha importante “Rede de Centros Culturais”

Solla lembra que o PP non só investiu en construír e mellorar estas dotacións, se non que foi tamén capaz de poñer en marcha axudas económicas destinadas a apoiar o mantemento e funcionamento destes locais, ano tras ano, así como a realización de plans culturais e formativos, ademais, de poñer a disposición distintos locais para a Cruz Vermella, Asociación de Maiores de Ponteareas, Veciños de San Vicente-Canedo e Asociación ADAPTA, así como o arranxo dos locais da Feira Vella para ensaios dos distintos grupos musicais.

## Esquerda Unida esixe que o regulamento de participación se elabore segundo o aprobado en pleno

EU-son de Ponteareas rexistrou unha proposta para que, de acordo co aprobado no Pleno Municipal, o Borrador do Regulamento de Participación Cidadá de Ponteareas consensuado entre os distintos grupos municipais sexa aprobado en Pleno e se elabore de acordo coas Normas aprobadas en setembro de 2015.

Estas Normas foron aprobadas a proposta de EU-son xunto ao inicio do proceso de elaboración dun Regulamento de Participación Cidadá de Ponteareas de acordo coas mesmas. Pola contra, non foi aprobado o Borrador de Regulamento presentado por EU-son debido ás propostas simultáneas no mesmo pleno do BNG e PSOE, quedando este pendente de consenso por parte dos distintos grupos da Corporación Municipal.

Logo de acadar este consenso, a Xunta de Goberno enviou o documento consensuado a unhas poucas asociacións escollidas do Concello e o nove de novembro de 2016 deron un prazo de 45 días a estes colectivos para presentar alegacións ao mesmo.

Esquerda Unida considera que esta forma de proceder da Xunta de Goberno na elaboración do documento dista moito do procedemento aprobado no pleno de setembro de 2015, que estaba destinado a garantir a información -a toda a veciñanza- do proceso e a posibilidade de participar no mesmo. Ao tempo, o documento consensuado non foi aprobado no Pleno Municipal, o que marcaría os distintos pra-



zos para a súa elaboración tal e coma se establecía nas normas.

De acordo co procedemento aprobado no Pleno, tanto os colectivos coma calquera persoa a título individual disporían de 75 días para presentar alegacións ao Borrador do Regulamento unha vez aprobado no Pleno. Ademais, establecíanse unha serie de medidas para garantir que todas as persoas de Ponteareas tiveran coñecemento do proceso. Medidas que non foron respectadas pola Xunta de Goberno.

Esquerda Unida denuncia que para a elaboración do Documento de Participación Cidadá de Ponteareas, a Xunta de Goberno limitouse a convidar ás asociacións que a eles mellor lles pareceu, deixando a moitas outras fora, e sen informar debidamente á veciñanza. Deste xeito, converteron o que era un proceso plenamente participativo para a elaboración do documento, nunha especie de simulacro, totalmente insuficiente e afastado da proposta de EU-son.

**milfollas**  
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS  
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA  
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

**Casa Eligio**  
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

**BODEGUILLA PULPERIA**  
TAPERIA

**BERCEO**

Rosalía de Castro, 6  
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826







## PONTEAREAS

## Ponteareas lidera unha xuntanza dos Concellos para que a Xunta asuma os Conservatorios de Música

O alcalde Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Ensino, Cristina Fernández, presidiron no día de onte a reunión celebrada en Santiago na sede da Federación de Municipios, na que se tratou a financiación dos Conservatorios Profesionais de Música Municipais, a raíz dunha proposta levada ao Pleno celebrado o 18 de outubro de 2016 onde se acordaba instar a Xunta de Galicia a asumir a xestión do Conservatorio Municipal de Ponteareas e achegar o financiamento necesario en tanto non se producía o traspaso, así como trasladar esta proposta á Fegamp, Deputación Provincial e ao resto dos Concellos galegos na mesma situación.

"A xuntanza foi moi positiva" manifestou Cristina Fernández, "todos os Concellos acordamos trasladar a Xunta de Galicia a demanda de asunción das súas competencias plenas nos conservatorios, para rematar coa discriminación actual, para o alumnado e os concellos e garantir o futuro dos Conservatorios e a súa viabilidade económica".

O Conservatorio Municipal de Ponteareas, é un centro de referencia na Comarca e norte de

Portugal, cunha gran influencia na vida cultural e musical da vila e a súa contorna e que proporciona á sociedade un número importante de grandes profesionais. "É importante para a Comunidade Educativa, que o alumnado teña os mesmos dereitos e recursos que o resto dos Conservatorios xestionados pola Xunta, sendo un obxectivo prioritario para todos os Concellos que as taxas que abonan as persoas matriculadas cada curso sexan iguais para todos, sen importar a localidade onde residan, eliminando así o agravio comparativo que existe na actualidade", puxo de manifesto o alcalde na citada reunión.

A Federación Galega de Municipios e Provincias trasladará á Xunta a demanda de constitución dunha mesa de negociación para abordar o financiamento dos conservatorios profesionais de música que están sufragados na súa totalidade polas arcas locais. En Galicia son máis de 30 os centros que imparten esta formación, dos que 9 están xestionados



pola administración autonómica. Isto supón unha importante carga económica para os municipios que só contan cos fondos propios.

Na reunión celebrada onte na sede da Fegamp, os responsables locais incidiron en que é clave garantir a continuidade destes

centros, a súa maioría situados nas cabeceiras de comarca, dado que os autonómicos non teñen prazas suficientes para cubrir a demanda formativa. O obxectivo é abrir unha mesa de negociación para garantir a viabilidade económica que asegure o seu futuro.

Os participantes na xuntanza

tamén expuxeron que os conservatorios locais deben contar cos requisitos que establece a Xunta para a ensinanza oficial regulada (currículo formativo, prazas por aula, etc.) e pasar as inspeccións correspondentes. Deste xeito, contan coas mesmas esixencias que as Escolas Oficiais de Idiomas, pero sen recibir os fondos para o seu funcionamento. Malia que o proxecto de Orzamentos de 2017 conta cunha partida de 300.000 euros ao respecto, está contía repartírase en 80 subvencións, co que quedaría lonxe de resolver a problemática.

Ademais do traslado desta petición á Xunta, os concellos afectados presentarán o problema aos distintos grupos parlamentarios e aos organismos provinciais. Tamén buscarán o apoio do propio alumnado, o cadro docente e as ANPAS

**Restaurante O Rianxo**  
Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior  
C/ra. N.120  
Vilasobroso - Mondariz  
GALICIA - ESPAÑA  
Tel.: +34 986 654 434

**Venres D\_letras**

Presentación do libro  
**Conflitos bélicos na Raia do Baixo Miño (1640-1668), de Xoán R. Carnero [Perico].**  
O autor estará acompañado por Manrique Fernández.

**16 de decembro, 20:30 horas**  
**Salón de Plenos**

Concello de Ponteareas  
Concellería de Cultura

**Forjados Hnos. Durán S.L.**

Fábrica y Oficinas:  
Santiago de Ribarieme, 1  
26147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130  
Fax: 986 648 630  
e-mail: duran@forjadosduran.com  
http: www.forjadosduran.com

**Ler e Punto**

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA  
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES  
MERCEÍA - LABORES - LÁS  
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147  
**ENTRADA de AS NEVES**  
Fronte á gasoladora, a xunto a XES

**AS NEVES**

TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA  
CHAPA E PINTURA Ó FORNO  
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE  
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8  
Tortoreira

tel: 986 66 74 88  
36840 AS NEVES



## CONDADO/ PARADANTA

ARBO

## Convocado o V Certame Galego de Corais Vila de Arbo

O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical polifónica coral, organiza o V Certame de corais "Vila de Arbo" que terá lugar o día 14 de Maio do 2017 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música, cun mínimo de vinte compoñentes, sen ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). Participarán un máximo de 7 agrupacións corais. As corais participantes serán seleccionadas polo Comité de Organización do V Certame Galego de Corais Vila de Arbo.

O xurado estará composto por personalidades do mundo da música que avaliarán os seguintes puntos: Afinación, técnica, interpretación e



sonoridade. O presidente será o Ilmo. Sr. Alcalde de Arbo ou concelleiro en quen delegue con voz pero sen voto.

O prazo de inscrición rematará o 17 de Febreiro de 2017 ás 15.00 h. Durante o período de inscrición estará no concello de Arbo a dispor das agrupacións a obra obrigada para as corais que a soliciten.

A obra obrigada nesta edición é MORRIÑA. Autor José

Fernández Vide. (Versión 4 v.m.) Salgado Valdés.

O fallo do xurado emitirase ao final da actuación das corais participantes.

O primeiro premio Segundo Gil Davila será de 800 euros, o segundo 400 e o terceiro 200 e o Premio Concello de Arbo Obra de Concurso de 100 euros, cadanseu co seu diploma acreditativo, diploma de participación para o resto de corais.

## O Delegado da Xunta visita Arbo

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Jose Manuel Cores Touris, realizou o pasado 5 de decembro unha visita institucional ao Concello de Arbo onde mantivo unha entrevista co alcalde, Horacio Gil Exposito, que lle transmitiu as principais preocupacións do municipio.

Horacio Gil trasladou a Cores Touris a demanda de que se licite canto antes a rotonda da PO-400 no cruce de acceso ao Couto e o núcleo da Vila xa que se trata dunha demanda moi necesaria para este municipio. O alcalde agradeceu a colaboración neste eido da Consellería de Presi-

dencia, na reforma da rúa Antonia Tovar por 201.000 €. Outra solicitude foi a posible axuda económica dende a Administración autonómica para

reparar os acceso aos núcleos de poboación por dúas estradas en Parabedra e Rocha-Tabiros, así como a reparación da Ponte de San Xoa.



## Exito de público e vendas no Mercado Solidario ArboNadal



Rematada a edición do Mercado Solidario ArboNadal, o Concello de Arbo, valorou a actividade como moi beneficiosa para esta Vila, a afluencia de visitantes superou as expectativas, triplicando a de anos anteriores. O sol e as boas temperaturas animaron onte a xornada festiva onde os asistentes poideron atopar nos postos ubicados na Praza Consistorio e rúas lindeiras unha ampla variedade de artigos dende bisutería, roupa e bolsos, a cerámica, pasando por repostería, produtos

ecoloxicos e da horta, antigüidades, artesanía ou xoguete. Na feiran estaban representadas ONGs e postos de diversos sectores, así como algúns comerciantes e asociacións de Arbo.

O Mercadillo que estivo aberto de 11.00 a 19.00 horas, tivo unha calurosa acollida de público, tanto local como foráneo.

Especialmente concurrido se atopou durante toda a xornada o posto que o Concello instalou con xogos, talleres e manualidades para os máis cativos, que

permitiu que os pais relizaron as súas compras con maior tranquilidade.

As ONG participantes tamén agradeceron a solidariedade de todos os visitantes e quedaron emprazados para vindeiras edicións.

O compromiso de todos os visitantes quedou refrendado polo volumen de produtos alimenticios recollidos para o banco de Alimentos que superou 800 kilos e a doazón de xoguete para a Campaña de Recollida de Xoguete.





## CONDADO/PARADANTA

## ARBO

**domingo 18 de decembro de 2016**

# HOMENAXE PÚBLICA

**en Arbo**

## ós asasinados no 1936

Telmo Rodríguez Alonso, Natural e veciño de Barcela († 06-11-1936, 56 anos), Casallero.  
 Amadeo Álvarez Fernández, Natural e veciño de Estariz, Moentán, († 1936), Torneiro.  
 Juan Alonso Pérez, Natural de Setodas, Veciño de Barcela († 06-11-1936, 32 anos), Mestre no Pazo (Arbo).  
 José Gómez Sampayo, Natural e veciño de Sarda († 06-11-1936), Médico en Sarda.  
 Alfonso Alonso Portugués, Natural de Moentán e veciño de Barcela († 06-11-1936, 33 anos), Empresario Agrario.  
 Joaquín Antonio Álvarez Álvarez, O Raqos, Natural e veciño de Cabeiras († 26-09-1936, 43 anos), Mestre en Barcela.

**11.00h:** Colocación da placa colectiva conmemorativa e placas nas casas dos homenaxeados.

**14.00h:** Xantar de confraternidade.  
 - É necesario inscribirse para acudir ao xantar. Custo: 25 euros.  
 - Rógase realizar o pagamento na conta 6524 1491 0001 212121145524.  
 - Para comunicar a asistencia, no email [memoria.historica.arbo@gmail.com](mailto:memoria.historica.arbo@gmail.com) ou no teléfono (645.990.599).

**MECENADO DA HOMENAXE:** As achegas pódense facer na mesma conta anterior.

Organiza: Grupo pola Recuperación da Memoria Histórica de Arbo  
 Colaboran: GIEGA, Universidade de Vigo, etc.

A veciñanza de Arbo, a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica e a Iniciativa Galega pola Memoria.

## CONVIDAN

HOMENAXE PÚBLICA, O DOMINGO DÍA 18 DE DECEMBRO A:

JOAQUÍN ANTONIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ (mestre)  
 JUAN ALONSO PÉREZ (mestre)  
 TELMO RODRÍGUEZ ALONSO (concelleiro)  
 ALFONSO ALONSO PORTUGUÉS (empresario)  
 AMADEO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ (torneiro)  
 JOSÉ GÓMEZ SAMPAYO (médico)  
 asasinados en 1936

Co seguinte programa:

- 11.00h >>>** Recepción das familias e participantes en Casa Cruceiro (Barcela).
- 11.30h >>>** Colocación e levantamento da placa colectiva.  
 Intervencións de:  
 - Representante do Grupo pola Recuperación da Memoria Histórica de Arbo.  
 - Carmen García-Rodríguez, en representación da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica.  
 - Manuel Iglesias Rodríguez, Profesor e Investigador, Laín.  
 - Familiares das vítimas.  
 Xosé Alonso Montero, Escritor e Presidente da Real Academia da Lingua.  
 • Solta de "6 pomitos" como mostra dos valores de xustiza, igualdade, liberdade, democracia e paz que eles defenderon sempre durante as súas vidas.  
 • Pezas musicais a cargo de Abraham Carrera, violinista, e da murga da A.C. Barça de Lornil.
- 12.45h >>>** No lugar de Uraz, Barcela, colocación e levantamento de unha placa conmemorativa na que foi a casa de Alfonso Alonso Portugués.
- 13.30h >>>** No lugar de Cabeiras, colocación e levantamento de unha placa conmemorativa na que foi a casa de Joaquín Antonio Álvarez Álvarez, o Raqos.
- 14.00h >>>** Xantar de confraternidade.  
 • Cécense as adhesións de apoio ao acto. Os familiares, representantes da cultura e da sociedade, ou calquera veciño ou veciña poderá facer uso da palabra para expresar os seus sentimentos.  
 • Procederase á entrega de Diplomas Conmemorativos das familias das vítimas.  
 • Exposición de fotografías, vídeos e documentos relativos ao acto de homenaxe.

É necesario inscribirse para acudir ao xantar. Custo: 25 euros. Para confirmar asistencia, no teléfono 645.990.599 ou no email [memoria.historica.arbo@gmail.com](mailto:memoria.historica.arbo@gmail.com).  
 Axuda a cubrir os gastos deste homenaxe con ingreso na conta: 6524 1491 0001 212121145524.

Organiza:  
 Grupo pola Recuperación da Memoria Histórica de Arbo  
[arbohistoriamemoria.wordpress.com](http://arbohistoriamemoria.wordpress.com)

Colaboran:  
 GIEGA, Universidade de Vigo, etc.

**Super**

# LARANXEIRA

**Servizo a domicilio**

Alimentación en xeral  
 Froitas - Verduras - Conxelados

Tel: 986 657 484. Taboexa - As Neves

**DURÁN**  
 MUEBLES

*comprometidos con la calidad*

AS NEVES - Praza Maior, 6. Telf: 986 648 405  
 BEADE - VIGO - Porto 66 Telf: 986 242 909  
 GONDOMAR - Ameixeira, 10 Telf: 986 369 596

**RIVERO**  
 Casa

**RESTAURANTE**

Tel: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

**Castelo**  
 MUEBLES

**Castelo 2**  
 MUEBLES

ATENCIÓN AL CLIENTE  
 609 288 188

Tlf.: 986 654 312  
 Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Tlf.: 986 642 925  
 Avda. Castelaio, nº 26. PONTEAREAS

[www.mueblescastelo.es](http://www.mueblescastelo.es) - [mueblescastelo@hotmail.com](mailto:mueblescastelo@hotmail.com)

**ALBARIÑO**  
**Viña Araujo**  
 RIAS BAIXAS

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066  
 Porto-Praza, 5

[www.adegaaraujo.com](http://www.adegaaraujo.com)



## CONDADO/PARADANTA

## AS NEVES

## As Neves denunciou a inactividade de Fomento no Coto de Altamira

Nos pasados meses, o Ministerio de Fomento asinaba coa Deputación de Pontevedra un protocolo de actuacións a realizar en 18 castros de toda a provincia para a súa recuperación e posta en valor. Pois ben, nas últimas semanas fíxose público o bloqueo deste protocolo por parte do Ministerio, o que supón a paralización do inicio dos traballos en xacementos arqueolóxicos coma o Coto de Altamira, situado na parroquia nevesa de Taboexa.

Traballos de extrema necesidade debido á penosa situación na que se atopan os

restos castrexos de elevado valor que teñen á beira das súas casas os veciños e veciñas das Neves. Concretamente, urxen accións de limpeza e sinalización do xacemento para a súa preservación e para facilitar o seu acceso de xeito cómodo e seguro, xa que, actualmente é moi difícil de atopar por estar tapado pola maleza.

Recollendo as palabras do alcalde, Xosé Manuel Rodríguez, no acto convocado polo Concello ao que acudiron máis dunha trintena de persoas; "Trátase dun tesouro arqueolóxico que debemos valo-

rar e coidar, por iso solicitamos ao Ministerio de Fomento que cumpra o protocolo asinado e se faga cargo das accións de mellora precisas para o seu mantemento".

Apuntan ademais dende a alcaldía, que se dende Madrid non atenden a súa petición, buscaranse outras alternativas para a preservación deste patrimonio.



Veciños reuníronse nun acto reivindicativo nas inediacións do xacemento arqueolóxico o pasado mes de novembro

**4ª CARREIRA DO PAVO** POPULAR SOLIDARIA  
24 DE DECEMBRO AS NEVES-2016  
PRAZA MAIOR - CIRCUITO URBAN

INSCRIPCIÓN GRATUITA PARTICIPA APORTANDO 1KG DE ALIMENTOS

Actualizemento: Chocolate e licor DE WOLFE!  
Servizo de Ducha no Pavillón de Deportes  
Premios para os gañadores

**BO NADAL A TODOS!!**  
E FELIZ SOLIDARIDADE!

ORGANIZA ACD SANCHEDO

ESCANEA E INSCRIBETE  
ATA O 22 DE DECEMBRO

RESULTA: ata 2000h - 5 km de 17:00h  
Recollida de dorsales de 18:00 a 18:30h

CATEGORÍAS: MASCULINO E FEMININO  
PRELIPIREMIOS: desde de 2005 - 40.5 km de 16:30h  
INFANTE: de 1000 a 2000 - 3.5 km de 16:45h

www.acdcondado.es  
www.pontevedra.com/actualidade/condado

**ELECTRICIDAD**  
**IN.M.A.C.**  
**CONDADO, S.L.**

**Jorge Ferreira Bouzo**  
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricos en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es

Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO



## CONDADO/PARADANTA

## SALVATERRA DE MIÑO

## Campaña solidaria de Nadal en Salvaterra de Miño

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño inicia a campaña Solidaria de Nadal, centrada este ano na recollida de produtos de limpeza, hixiene e aseo, e está dirixida especialmente aos Cen-

tros Escolares da Vila e aos establecementos colaboradores (supermercados do termo municipal)

Ao longo do ano, o Concello atende a máis de 200 persoas, entre as que se en-

contran un número elevado de menores, aos cales se presta unha especial atención.

Dende a súa creación, no ano 2009, o programa de Alimentos Municipal leva repartido máis de 100.000 kilos de comida e produtos de hixiene, coa entrega mensual de alimentos de primeira necesidade, a todas aquelas familias que están pasando por unha situación complicada.

O Departamento de Servizos Social atende todos os meses as necesidades bá-

sicas destas familias, a través dos alimentos doados (tanto individualmente como a través das diversas campañas de recollida que realiza o Concello), enviados por Cruz Vermella e os comprados polo propio Concello, co fin de conseguir unha dieta o máis equilibrada posible. Ademais o Concello xa está preparando o Nadal para estas familias, para que nestas datas tan significativas, sobre todo onde hai cativos e cativas non lle falte nada para poder desfrutalas.

**PROGRAMACIÓN DE NADAL 2016/2017**

**EXPOSICIÓN DO BELÉN**  
Do 12 de decembro ao 6 de xaneiro de 2017.  
Lugar: Casa de Dona Urraca.  
Horario: de luns a martes de 11:00 a 14:00h e de 15:30 a 17:30h.

**EXPOSICIÓN "En Familia, por dereito"**  
Acomos a partir do 27 de decembro.  
Lugar: Casa de Dona Urraca.  
Horario: de luns a martes de 11:00 a 14:00h e de 15:30 a 17:30h.

**22, 23, 24 e 25 de decembro**  
**Tren "Chuchú" gratuito.**  
con saídas de 10:00 - 12:00 - 13:00 - 16:00 - 17:00 e 18:00h (Europcidade Salvaterra - Monçon).  
Saídas: Entrada Parque Público A Canuda.

**CAMPAMENTO INFANTIL DE NADAL**  
De 09:30 a 13:30h.  
Idades: de 5 a 10 anos (no 2016).  
Lugar: Biblioteca Municipal.  
Días 22, 23, 26, 27, 28, 29, 30, de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro.

**TORNEO SOLIDARIO DE ESCOLAS FÚTBOL, DÍAS 22 E 23**  
LUGAR: CAMPO DE FÚTBOL CASAL.

**COCIÑA EN NADAL**

- De 17:30 a 20:00h, **Curso de Cocina de Nadal "Apertivos - Prato principal - Postre de Nadal"** días 13, 14 e 15 de decembro para Adultos. Lugar: Cocina Parque Público A Canuda.
- De 10:30 a 12:30h, **Taller Infantil de Galletas** días 22 e 23 de decembro. Idades: de 10 a 16 anos (no 2016). Lugar: Cocina Parque Público A Canuda.
- De 10:30 a 12:30h, **Taller Xvenil de Postres Navideños** días 28 e 29 de decembro. Idades: A partir de 16 (no 2016). Lugar: Cocina Parque Público A Canuda.
- De 16:00 a 19:00h, **"COAS MANS NO PUCHEIRO"** curso de cocina para toda a familia días 22, 23, 26, 27 e 28. Lugar: cocina Parque Público A Canuda.

**DOMINGO, 11 DE DECEMBRO**  
18:00h, **Concerto de Nadal** do Coro "Cantemos" acompañados pola Coral Polifónica "Asomamos" de Mos e a Coral "Barcarola" de Pontecesures. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**SÁBADO, 17 DE DECEMBRO**  
18:00h, **Festival de Nadal** de A.C. Pontecor. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**DOMINGO, 18 DE DECEMBRO**  
17:00h, **Representación de obra de Teatro Infantil** "A verdadeira historia de candeal e vermele". Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**VENRES, 16 DE DECEMBRO**  
22:00h, **Concerto de Nadal** do Coro "Locodunam" e da Coral Polifónica "Penedras" de Añón. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**SÁBADO, 24 DE DECEMBRO**  
16:00h, **VISITA DE PAPÁ NOEL**. Cregarán en barco polo Río Miño ao embarcador e fará un percorrido polas rías da Vila.  
17:00h, **PAPÁ NOEL** estará na Praza do Concello onde recibirá as cartas cativas.

**DOMINGO, 19 DE DECEMBRO**  
11:00h, **Concerto de Nadal** do Coro de Música de Salvaterra. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**LUNES, 26 DE DECEMBRO**  
11:00h, **Cine infantil**. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**LUNES, 2 DE XANEIRO**  
17:30h, **O mago Pato** na representación "HOUO POUO". Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**XOVES, 29 DE DECEMBRO**  
17:00h, **Concertos: Añón e a Apalador**. Lugar: Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**XOVES, 5 DE XANEIRO**  
**A PARTIR DAS 16:00h, DA TARDE, "CABALGATA DE REIS"**  
Na Praza do Concello as súas Magestades chegarán a Salvaterra dende a Ponte Internacional e recibirán aos máis cativos na Praza do Concello.

**Notas:**  
Estas actividades son totalmente gratuítas.  
**PREZAS LIMITADAS**  
Para poder participar en calquera das actividades, tanto de adultos como infantís, é preciso inscribirse no Concello a partir do día 1 de decembro até agotarse prazos.  
No caso de cativos, a actividade de día 24 (Visita de PAPÁ NOEL) realizase no Salón da Casa de Cultura de Salvaterra.

**o remendón**

**Cerraxería**  
vivenda automóbil-chaves

**Reparación de calzado**

Tif. 637 764 865  
cerrajeroremendon.com  
Rúa Rainha Dóna Urraca, 20-baixo-3  
Salvaterra de Miño

**expert SanFer**

986 648 270

R/ Entrecins, 12  
36440 AS NEVES

www.sanfer.net  
sanfer@sanfer.net

**BIMCA, S.L.**

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN  
PAVIMENTOS Y AZULEJOS  
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO  
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274  
e-mail: bimcag@bimca.com www.bimca.com



## CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

## En catro anos duplicáronse as adegas que comercializan viño espumoso nas Rías Baixas



A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, participou, xunto co vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, na III Festa do Viño Espumoso da Denominación de Orixe Rías Baixas en Salvaterra de Miño, onde destacou o crecemento rexistrado na produción de viño espumoso dentro da Denominación de Orixe (D.O.) Rías Baixas. Así, salientou que nos últimos catro anos o número de adegas que comercializa este viño se duplicou, pasando de 5 a 10, e que o vo-

lume de litros vendidos medrou nun 410%, pasando de algo máis de 18.000 en 2012 aos actuais 95.000.

Neste acto estiveron acompañados pola directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, polos delegados territoriais de Pontevedra e Vigo, José Manuel Cores Tourís e Ignacio López-Chaves, e polo alcalde desta vila, Arturo Grandal, entre outras autoridades.

A conselleira puxo en valor tamén os datos da última vendima nesta denominación, que

cualificou como “excelentes” tanto en cantidade como en calidade. Así, destacou que foi a única D.O. que rexistrou un aumento da produción respecto ao ano pasado (un 5%) e de ata un 21% en relación á media da década.

A titular de Medio Rural rematou a súa intervención felicitando a colleiteiros, adegas, Consello Regulador e Concello de Salvaterra por estes bos resultados e pola organización da festa, que este ano acadou xa a súa terceira edición.

## Salvaterra de Miño acolleu un curso de alfabetización dixital para o emprego financiado polo FSE e impartido por Radio ECCA

Dende o día 7 ao 25 de novembro, veciños e veciñas do Concello de Salvaterra formáronse, na Aula de Informática da Casa da Cultura cedida polo Concello, nos coñecementos básicos para percurar emprego utilizando as TIC. Este curso que tivo unha duración de 45 horas lévase a cabo grazas ó Fondo Social Europeo xestionado neste caso pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ten coma obxectivo loitar contra a exclusión social das persoas que viven na Comunidade Galega, dentro da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

A Fundación ECCA é a enti-

dade que imparte esta formación na aula cedida polo Concello de Salvaterra, grazas a cesión da aula pola 1º Tte de Alcalde e Concelleira de Cultura Marta Valcárcel Gómez, coa colaboración na derivación de usuarios do Equipo Comarcal de Inclusión de O Porriño do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

ECCA é unha das entidades que xestiona máis cursos deste programa aportando a súa experiencia ó longo dos últimos anos e a súa misión de proporcionar formación de calidade, especialmente as persoas que máis o necesitan.





## A Cañiza conta cun novo vial en Achas

O pasado 2 de decembro, inaugurouse o novo vial, rotonda e a ponte sobre o río Deva na parroquia de Achas, coa presenza da Presidenta da Deputación, Carmela Silva. Esta nova variante da EP 5002, é unha das máis importantes peticións realizadas ante esta institución polo Concello de A Cañiza dende que no ano 2004 o ex alcalde de A Cañiza César Mera se fixera eco da preocupación que os veciños de Achas amosaban polo estado dunha das dúas pontes románicas do Concello.

O anterior Presidente da Deputación Provincial, Rafael Louzán, presentou o proxecto o 27 de xaneiro de 2014 no Salón de Plenos do Concello de A Cañiza. Estivo acompañado do Alcalde Miguel Domínguez e do Director de Infraestruturas do organismo provincial que explicou a todos os veciños de Achas a parte técnica da nova variante que hoxe se inaugura. Este novo vial ten un percorrido de 650 m.l. e contempla unha nova ponte sobre o río Deva de 30 m. de lonxitude repartido en tres vanos con espazo para o tráfico peonil. Un total de 9 m. de ancho



con todos os servizos necesarios para unha correcta sinalización horizontal e vertical.

Este novo proxecto contou coa aprobación maioritaria dos veciños afectados pero a obra sufriu un importante retraso na súa execución motivado por as alegacións presentadas por un veciño que mantiña discrepancias en canto ao trazado da obra.

A Construción deste vial alter-

nativo á Ponte Románica de Achas, de incalculable valor patrimonial e histórico, estivo motivado pola grande densidade de tráfico que diariamente circula por esta estrada provincial, tendo a Ponte que soportar pesos excesivos durante todo o día. Esta fluidez de tráfico intensifícase durante a fin de semana por ser a E.P. 5102, un dos principais viais de acceso ao Santuario da Franqueira.

## Novos Espazos de emprendemento local en Mondariz e As Neves

A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, asistiu en Mondariz á apertura do novo Espazo activo de emprendemento comercial, unha iniciativa que, cun apoio de preto de 70.000 euros por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, se pon en marcha na praza de abastos desta localidade pontevedresa.

Para o desenvolvemento deste programa, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu apoios a 11 concellos galegos de menos de 20.000 habitantes por preto dun

total de 550.000 euros, un investimento que permite que se habiliten áreas nas que os emprendedores exerzan a súa actividade comercial.

No caso concreto de Mondariz, a directora xeral de Comercio subliñou que esta iniciativa ofrece a catro novos emprendedores un espazo comercial asequible e emprazado nun lugar que lles garanta o fluxo comercial. Ademais, un dos postos que se pon en marcha vai funcionar como espazo gastronómico local. A apertura deste novo espazo de empre-

mento comercial no rural serve tamén para potenciar o atractivo turístico tanto do mercado como da vila.

O Concello de As Neves tamén é beneficiario deste programa, creando un espazo de emprendemento na praza de abastos cun proxecto cofinanciado cun orzamento de 49.793,42 euros.

Os concellos que poñen en marcha este Espazo Activo tamén deben desenvolver actuacións de difusión, asesoramento e formación dirixidas ás persoas interesadas na iniciativa.

## Mondariz estuda implantar o sistema de recollida de lixo 'porta a porta' no rural

O concello de Mondariz estuda a posibilidade de implantación dun sistema de recollida de lixo 'porta a porta' nos núcleos de poboación máis afastados do centro urbano, sistema que combina a recollida selectiva e a utilización dos residuos orgánicos para a elaboración de compost. O alcalde, Xoán Carlos Montes Bugarín, acompañado pola tenente de alcalde Mónica Peralba, visitaron o concello coruñés de San Sadurniño, onde este sistema está en funcionamento e que, nos lugares onde xa está implantado, conseguiu unha notable redución do volume de lixo e, paralelamente, a redución de custes do servizo.

Xoán Carlos Montes salientaba o problema que supón, para todos os concellos, o problema dos residuos que precisa dun servizo, explicaba o rexedor, "con custes superiores aos ingresos" e que precisa dun sistema que consiga o dobre beneficio "de reducir o gasto neste capítulo e, ao mesmo tempo, mellorar a reciclaxe de xeito que supoña un beneficio claro para o medioambiente".

O Concello de San Sadurniño optou por dotar aos domicilios onde se desenvolve o proxecto, de cubos e bolsas para que

poidan facer unha correcta separación do lixo xa no orixe, amais de darlles pequenos depósitos para facer a compostaxe da materia orgánica xa que "é a parte da recollida de lixo que máis encarece cada mes a factura de Sogama".

Os datos que se están obtendo, explicaba Montes Bugarín, "non poden ser máis esperanzadores" xa que no primeiro núcleo que botou a andar no concello coruñés, o de Ferreira, pasou das máis de dúas toneladas de lixo mensuais no 2014 ata os 900 quilos no 2015. Esa redución, explica o alcalde de Mondariz, ten "unha correlación na parte económica xa que nesa zona o custe do servizo pasou dos 155 euros mensuais aos 63 euros".

Esa redución dos custes permite unha mellora do servizo incrementando, por unha banda, o número de colectores para achegalos máis ás vivendas, tendo en conta que o rural conta cun elevado número de veciños e veciñas de avanzada idade, e por outra banda, os grandes camións compactadores poden ser substituídos por vehículos máis pequenos que supoñen tamén un menor custe.

Xoán Carlos Montes salientou que o proxecto "ten posibilidades reais" de ser implantado.

**Fausto**  
CAFE & VINOS

Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

Facebook

Talleres  
Guiller Motor

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA  
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG  
TALLERES

**Tapería - Restaurante**  
**ALPENDRE**

**Os domingos facemos cocido**

Rúa Redondela, 13, baixo. Pontearnan  
telf: 886.216.325 e-mail: alpendre@galicia.com



## LOURIÑA

## O Porriño

## Os Bolechas actuarán no Porriño dentro da programación do Nadal

O Concello do O Porriño ten previsto un amplo programa de actividades para este tempo do Nadal centrado principalmente nos máis cativos, para os que se proxectará cinema, teatro, obradoiros e festas infantís en diversas datas.

O teatro infantil protagonizará estas festas coa representación de Caperuchiña Vermella da Cía Educa Teatro o día 16 ás 18h. no Círculo Recreativo e Cultural, "Os tres porquinhos" o día 28 ás 18:30h. no Centro Cultural Municipal e Os Bolechas no Circo de Nadal o 30 de decembro ás 16h. no Pavillón Municipal dos Deportes, onde os nenos disfrutarán con un Un musical infantil con especial protagonismo das cancións dos Bolechas – tanto os

temas xa coñecidos como os novos que estrearon para a ocasión –, esta xira conta con outras atraccións e xogos que

para tela de recordo. Tamén os xogos das ventás que permiten coñecer a todos os membros da familia Bolechas.



Próprios destas datas son xa a Gala Benéfica de Nadal Playback Solidario da Asociación Bastón, o día 17 ás 17h. no Centro Cultural, o Festival de Panxoliñas o mesmo día ás 20:30h. na Igrexa Santa María do Porriño, o Festival de Música de Nadal da Escola Municipal de Música o día 21 ás 19:30h., A visita do Apalpador o día 28 ás 17h. na Praza Antonio Palacios, a Festa pre Fin de ano o día 30 ás 22h. na

Carpa do Roxy coas rondallas Sta. Eulalia e Pontellas, o Pasarrúas e Encontro de Rondallas do Porriño o día 1 de xaneiro ás 17h. no Pavillón de Deportes e finalmente a Gran Cabalgata dos Reis Magos o día 5 de xaneiro.

gozan de tanto ou máis éxito que o propio espectáculo, como é o photocall virtual no que os máis pequenos poden retratarse cos seus personaxes preferidos en divertidas situacións e enviar a foto por correo electrónico

## Aberto o prazo de inscrición para a actividade interxeracional "tecendo lazos"



Xa está aberto, no Centro da Terceira Idade, o prazo de inscrición para todas aquelas persoas que queiran anotarse en 'Tecendo Lazos', unha actividade impulsada pola Deputación de Pontevedra, en colaboración co Concello do Porriño, que se realizará os días 22, 23, 26 e 27 de decembro de 4 a 7 da tarde, e que ten coma obxectivo xuntar a maiores con

Durante a mesma, as familias construírán xuntas xoguetes tradicionais cos que xogaban os seus maiores, para que as nenas e nenos poidan coñecerlos, e que servirá, á súa vez, para facer un repaso á historia. Así mesmo, as e os pequenos terán a oportunidade de mostrarlles ás súas nais e pais os xoguetes e xogos actuais.

'Tecendo Lazos' estará composto por varios obradoiros: un

de Xogos de Patio, onde os participantes realizarán unha posta en común dos xogos de patio máis utilizados na súa época, tanto nas xeracións máis maiores coma nos máis cativos.

Obradoiro de Creación de Xoguetes, no que os participantes realizarán unha posta en común dos xogos máis utilizados na súa época, e construírán todos xuntos aqueles xoguetes e elementos máis utilizados tanto nos xogos tradicionais da súa zona.

Por último estará o obradoiro e Xogos de Mesa, realizando unha posta en común dos xogos de mesa tanto das épocas das xeracións de máis idade coma das xeracións máis xoves, unha actividade que, coma todas as de máis, abrangue unha recoleita dos xogos a través do tempo, por suposto, partidas prácticas e, o que é máis importante, a relación destes entretementos coa historia do Porriño.

## Máis de mil persoas na andaina do 'Día das Persoas con Discapacidade'



Máis de mil persoas, 800 delas alumnas e alumnos dos colexios de Primaria do Porriño e de ACEESCA, participaron na Andaina que é o acto central da conmemoración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

A mesma saíu da Praza do Concello, seguiu pola rúa Ramón González con Pío XII, a Avenida de Domingo Bueno e a rúa Antonio Palacios. Ao remate da mesma realizouse a lectura do manifesto polo grupo de autoxestores 'Os dez do Porriño'.

Antes, a alcaldesa, Eva García de la Torre, que participou na andaina acompañada pola concelleira de Educación e Xuventude, Lourdes Moure, amosouse "orgullosa de ver a tantas persoas saíndo ás rúas na nosa vila para amosar o seu apoio a un día que reconece o traballo, a vontade, a entrega e a solidariedade".

García de la Torre fixo súas as reivindicacións dos asistentes,

e avogou porque a persoas con discapacidade poidan exercer plenamente todos os seus dereitos, "como o dereito a recibir información que poidan entender, o dereito à intimidade, o dereito a opinar e dirixir a súa vida, o dereito a decidir o seu voto ou dereito a xestionar os seus cartos".

O día 28 de novembro, empezaron os actos programados por ACEESCA que seguiron o día 1, coa visita dun grupo de persoas con distintas diversidades funcionais ao centro de saúde do Porriño coa finalidade de detectar posíbeis dificultades dos traballadores á hora de atender a distintos colectivos e un simulacro de consulta ordinaria.

De seguido unha actividade que se repetiu o día 2, colocación de pictogramas e entrega de trípticos en establecementos comerciais, destinados a persoas con dificultade de comunicación do Porriño.

## Festa solidaria "La Calle Encendida"

A Praza da Urbanización "El Sol" acollerá o domingo 18 de decembro, unha nova edición da Festa Solidaria "La Calle Encendida".

Un ano máis, nunha cita que comeza a ser tradición no Nadal porriñés, un nutrido grupo de establecementos comerciais do Porriño, concretamente os das rúas Pinar, Paz Varela, Doantes de Sangue e Antonio Palacios, organizan a Chocolatada solidaria en beneficio do programa municipal

de alimentos SOS Porriño.

Música, regalos, e todo o preciso para que os máis pequenos disfruten da festa e, como cada ano Papá Noel visitará ó Porriño para recoller as cartas dos cativos.

O único requisito para participar: a solidariedade. Se queres optar a gañar algunha das cestas de Nadal que se sortearán durante a festa tedes dúas opcións: vir disfrazado con algún motivo navideño ou ben doar alimentos ou xoguetes a SOS Porriño.



## A Concellería de Vías e Obras remata a substitución de 289 luminarias no Polígono de A Granxa



A Concellería de Vías e Obras ven de rematar, grazas a unha subvención da Concellería de Economía, Emprego e Industria do Goberno de Galicia, a renovación de toda a iluminación pública do Polígono de A Granxa coa substitución de 289 luminarias na Avenida Principal, rúas Paralelas de 1 a 4, As Gándaras, rúa C Cíes, rúa D Cortegada, rúa E Ons, rúa F San Simón, rúa G Sisargas e rúa H Sálvora, ademais de tramo de enlace da parte norte do polígono coa estrada provincial PO-510 e a entrada dende a EP-2405.

Como sinala o tenente de al-

calde Manuel Carrera, a devandita achega da Concellería de Economía, Emprego e Industria, permitiu a retirada das lámpadas de vapor de sodio de alta presión de 150 e 250 W e o seu troco por luminarias LED de 40 e 60 vatios de potencia.

Ademais instaláronse 10 reloxos astronómicos, un por cada cadro xeral de mando e protección, para control de acendido e apagado, e 10 conxuntos de descargadores- 1 por cadro-para a limitación das sobretensións que poidan aparecer na rede.

Carrera subliña o "impor-

tante" aforro enerxético e, porén, económico, asociado á diminución no conxunto da enerxía, "mentres se manteñen os niveis de iluminación nesta zona tan transitada".

En concreto, os reloxos permiten unha programación automática dos horarios de acendido e apagado diarios, dacordo cos horarios da saída do sol e da chegada da noite; recorte da potencia instalada nun 78%, pasando de 85 a 18 quilovatios; aforro en custo de mantemento: as novas luminarias teñen unha garantía de 5 anos e unha vida útil de 100.000 horas; o cambio de 289 luminarias por novos puntos LED, supón unha redución no consumo de enerxía eléctrica de 375.000 a 75.000 kWh, un 80%, ao que engádesa a eliminación de recargas por consumo de enerxía reactiva, o cal suma, en conxunto, máis de 20.000 € anuais so neste polígono.

Manuel Carrera lembra a aposta "resolta" deste Goberno local pola mellora do Medio Ambiente e, neste eido, salienta que, ademais do aforro enerxético hai, paralelamente, unha diminución das emisións de CO2 á atmosfera de preto de 70.000 quilos de dióxido de carbono anuais.

## A Concellería de Educación entrega lotes de libros infantís aos centros de ensino

A Concellería de Educación, Lourdes Moure, fixo entrega este mércores, de varios lotes de 12 libros infantís á totalidade dos Centros de Ensino Infantil e Primaria (CEIP) do Porriño, ademais da gardería A Galiña Azul e ACEESCA.

Trátase de libros da editorial Engaióláte, adquiridos polo Concello, que teñen diferentes texturas e son resistentes á auga para facilitar a aprendizaxe das rapazas e rapaces dende os seus primeiros anos.



## Exposición da maqueta ferroviaria do Porriño no Centro Cultural

Do 16 de decembro ao 18 de xaneiro, en horario de 18:30h a 20:30h., expórase no Centro Cultural Municipal a maqueta ferroviaria do Porriño

elaborada polo IES Pino Manso no seu proxecto "De viaxe polo tempo en tren", gañador do "Premio á Innovación Educativa 2005".





## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## Eva García expón a Abel Losada as necesidades do Porriño para a súa inclusión nos Orzamentos da Xunta para 2017

**A**lcaldesa mantivo unha xuntanza co voceiro de Economía do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, Abel Losada, para considerar as necesidades do Concello de cara a que sexan engadidas nas propostas do PSdG para os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017.

Eva García de la Torre sinalou entre as inversións “imprescindibles” na vila a reforma, mellora e ampliación do Centro de Saúde, que xa non fora recollido nas contas da Xunta para este 2016, maila a emenda presentada e, o que considera aínda moito máis grave, o feito de que en 2015 a Xunta non acometese as obras maila a a que existía unha partida para facelo nos orzamentos daquel ano.

A alcaldesa, que esixe, cando

menos, un investimento de 100.000 € o ano que ven, lembra que o Centro de Saúde do Porriño non ten o persoal necesario, unha situación que se agrava as fins de semana xa que, cando un médico e o persoal sanitario ten que atender unha urxencia fora do centro este queda sen alguén que poida atender aos veciños.

García de la Torre indicou tamén como “fundamental” que o Goberno de Galicia cumpra coa súa obriga de subvencionar, con 50.000 €, os comedores escolares e lembrou que esta eiva está a ser asumida polo Concello cando a competencia é da Xunta.

A rexedora e o deputado no parlamento pola provincia de Pontevedra estiveron dacordo en que 2017 debe ser o ano no que

comece a construción do novo Centro de Ensino de Infantil e Primaria (CEIP) do Porriño, que xa fora unha reclamación en 2015 e 2016 anos nos que pediuse un orzamento de 150.000 € que a Consellería de Educación nunca aprobou.

Por último, Eva García de la Torre, logo de subliñar que é urxente destinar 100.000 € para melloras nas garderías e abrir unha nova no polígono industrial, lembrou que en 2016 a Xunta asignou “cero euros” a O Porriño nos seus orzamentos, o cal cualificou de “intolerable e inadmisíbel” nun concello que xa superou os 20.000 habitantes, que é dos poucos que medran cada ano, no que se crea emprego e que é un dos referentes industriais e tecnolóxicos de Galicia.

## ACIPOR conmemora o Ano Castelao



**O** concelleiro de Comercio, Marcelino Coto, o responsable da Área de Cultura da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal, e a presidenta da Asociación de Comerciantes do Porriño (ACIPOR), presentaron o Ano Castelao no comercio, posta en marcha por ACIPOR e apoiada polo Concello e a Deputación.

Os establecementos do Porriño entregarán 2.000 bolsas, 25.000 envoltorios para o pan e 75.000 panos de mesa con debuxos do xenial médico, dramaturgo, escritor, político, pintor e ilustrador de Rianxo ao lémbrese este 2016 polo centenario da súa chegada á provincia, o 75 da estrea da súa obra teatral ‘Os vellos non deben de namorarse’, o Día das Artes Galegas, adicado a él e o 130 aniversario do seu nacemento.

Marcelino Coto agradeceu aos comerciantes locais esta iniciativa e subliñou a oportunidade de que a figura de Alfonso Castelao, en concreto, e a cultura, en xeral, cheguen a todos os cidadáns nun acto tan cotiá como ir a buscar o pan ou mercar nun establecemento. “Como non podía ser doutro xeito, o Concello tiña

que colaborar con ACIPOR, que volve a amosar a súa entrega e entusiasmo en todo o que fai”.

Pola súa banda, Xosé Leal, logo de afirmar que estaba “orgulloso” por presentar este proxecto e recoñeceu “impresionado” pola súa realización, reiterou a “excelente idea” de que o Comercio de Proximidade contribúa á fomentar a nosa cultura. Leal, quen asegurou que esta campaña terá repercusión en toda Galicia, salientou a importancia de que os cidadáns vexan o que poden facer as asociacións locais de comerciantes que, ademais de ofrecer produtos do país, axudan a conmemorar a figuras como a de Castelao e a reforzar o noso idioma.

A presidenta de ACIPOR sinalou que esta iniciativa é “unha pequena mostra do que facemos os comerciantes locais” e amosouse encantada por contribuír ao recoñecemento da figura de Castelao, un dos referentes da identidade de Galicia. Juana Pérez adiantou que os Comerciantes do Porriño “seguiremos sumándonos a todas aquelas iniciativas que sirvan para promover a nosa riqueza cultural”.

## O parlamento de Galicia aproba unha iniciativa para quitar o tren do centro do Porriño

**A** Comisión de Infraestruturas do Parlamento de Galicia aprobou o día 1 de decembro unha proposición non de lei, presentada polo deputado socialista Abel Losada, para desbloquear a saída sur ferroviaria de Vigo e desprazar o tren do centro do Porriño. Este proxecto permitiría conectar toda a franxa atlántica cunha liña ferroviaria de altas prestacións conectada coa Meseta a través de Cerdedo.

Este cambio, segundo Losada, permitiría así absorber todo o tráfico ferroviario de Oporto e “corrixir a anomalía da



conformación da rede de Alta Velocidade (AVE) de Galicia”.

O deputado considera “inexplicable” que para viaxar ao sur “ao maior núcleo demográfico de Galicia ten que viaxar 100

quilómetros ao norte, o que prexudica notablemente á poboación de Portugal”, aos 600.000 veciños e veciñas de Vigo e por extensión a toda a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.





## A Deputación construíra unha rotonda no cruce de A Costeira

O deputado provincial de Mobilidade, Uxío Benítez, anunciou hoxe que a Deputación provincial realizará obras de mellora na estrada provincial EP-2405 entre Cerquido e Budiño (O Porriño) para eliminar un punto negro que coincide coa intersección con dúas estradas municipais no lugar de A Costeira. Segundo Benítez, prevese que a actuación, que ten un orzamento de licitación de 151.655,92 euros e estará finalizada na primavera, mellore a visibilidade no cruce para todos os vehículos e garanta o tránsito peonil aos veciños e veciñas.

Segundo manifestou Benítez, a Deputación de Pontevedra ten como obxectivo prioritario aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas provincial reducindo os calmados de tráfico e solucionando os puntos negros nos que se producen maior número de sinistros. “De todas as interseccións que tiña analizado a Deputación en función das reunións cos alcaldes, esta petición era sen dúbida a máis necesaria polas súas características, tipoloxía, pola súa in-

tensidade de tráfico e polo uso industrial e comercial que ten, xa que hai un restaurante de moita actividade xusto ao lado do cruce. Conflúen tamén dous camiños municipais e unha vía intermunicipal da Deputación que vai a Salceda de Caselas... Por iso en base a esas características consideramos que esta actuación era prioritaria”, subliñou.

Benítez anunciou hoxe as obras á rexedora de O Porriño, quen solicitara o proxecto nun encontro xusto antes do verán, e visitou o lugar das obras cun dos concelleiros da Corporación municipal. Dende o mes de maio mantivéronse varias reunións técnicas de traballo conxunto entre a Deputación e o Concello a través do concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, nas que se certificou a conveniencia de mellorar a intersección optando pola construción dunha glorieta. O acordo entre ambas administracións, Concello e Deputación, de feito, é total en canto á proposta de solución.

Os técnicos da Deputación realizaron un novo levantamento



topográfico da zona e contratouse unha asistencia técnica para a redacción do proxecto, que xa está finalizado. Este incorpora a ampliación do radio de curvatura da estrada principal, preto da conexión da EP-2405 da Deputación co parque empresarial das Gándaras, á altura do Centro Tecnolóxico do Automóvil de Galicia.

Para resolver a intersección dos camiños municipais, segundo explicou Benítez, prevese a ocupación de dúas parcelas privadas e unha municipal. Entre outros bens aféctase a dúas construcións, un alpendre-almacén e unha marquesiña de bus na parcela municipal, cuxa demolición e nova instalación inclúese no orzamento do proxecto. No último pleno da Deputación aprobouse o inicio do expediente de ex-

propiación dos terreos.

En canto á pavimentación, farase un saneo do firme chegando a fresar unha capa de 55 centímetros de profundidade e extensión dunha nova capa de rodaxe na calzada actual para corrixir os peraltes. Ademais, para a elección do novo firme tívose en conta a importante densidade de camiños que pasa pola zona (categoría 3), cun tránsito estimado de entre 100 e 199 vehículos pesados por día por ser unha zona preto de áreas industriais.

Por outra banda, urbanizárase a zona con beirarrúas para prestar continuidade ao tránsito peonil, habilitarase pasos de peóns e incorporárase a limitación específica de velocidade, que baixará de 50 a 30 quilómetros hora. Tamén se solucionarán as drenaxes mediante a remodelación de cunetas e absorbedoiros. Disporanse oito luminarias tipo led sobre columnas de nove metros, catro na glorieta e outras catro a trinta metros da intersección.



## A biblioteca sortea unha cesta de nadal

A Biblioteca Municipal do Porriño convoca un orixinal sorteo para este Nadal. O premio: unha cesta chea de libros. Dende este luns, día 12 de decembro, ata o vindeiro 5 de xaneiro de 2017, todos os usuarios e usuarias que leven un libro ou película da Biblioteca para casa, entrarán automaticamente, no sorteo dunha gran cesta de Nadal que xa pode verse no mostrador de tránsito da biblioteca.

A cesta está composta por dúas de libros de distintas materias e para todas as idades, unha nutrida colección de obras para ler ao longo do ano que ven, que de seguro farán as delicias da persoa ou da familia afortunada.

Con esta actividade, a Biblioteca Municipal pretende ofrecer aos seus usuarios e usuarias un “agasallo literario”, logo de todo un ano de servizo e complicidade coa cidadanía. Fai uso así deste tipo de populares sorteos clásicos nestas datas, máis propios doutros ámbitos, como un factor dinamizador máis dos seus servizos bibliotecarios nas datas de Nadal.

A persoa agraciada neste singular concurso coñecerase o próximo 9 de xaneiro.



www.novasdoeixoatlantico.com

**A kidea**  
agasallos personalizados

Tel. 986 659 430  
Rúa Rosalía de Castro, 107  
SALVATERRA DE MIÑO

**Aibzi**  
PUBLICIDAD

colle na publicidade



## LOURIÑA

## MOS

## Mos fomenta a creatividade navideña dos máis pequenos co seu tradicional concurso de postais

Coa chegada do Nadal chega a Mos tamén, como cada ano, o concurso infantil de postais de Nadal para cativos de 3 a 12 anos de idade. Entrarán en concurso todas as postais entregadas ata o día 23 de decembro na Biblioteca Municipal. Haberá tres categorías e cada unha delas terá un premio que constará dun lote de libros e material escolar máis un diploma: categoría 1, nenos de 3 a 5 anos; categoría 2, nenos de 6 a 8 anos, e a categoría 3, nenos de 9 a 12 anos.

O día 26 de decembro un xurado composto por diferentes técnicos municipais dos departamentos de Cultura, Educación e Política Social valorará a calidade e orixinalidade das postais presentadas, así como os seus valores positivos; descartando aquelas nas que se perciba a intervención directa dun adulto. Os premios entregaranse o venres 30 de decembro de 2016 nun acto de animación á lectura, que se celebrará na Biblioteca ás 18.00 horas.

A edil de Cultura, Sara Cebreiro, declaraba esta mañá sobre o concurso que “dende a Biblioteca Municipal queremos aproveitar esta época tan marabillosa do ano para potenciar a creatividade dos nosos escolares e sobre todo fomentar a lectura e a escritura nos nosos cativos poñendo en marcha o tradicional Concurso de Postais de



Nadal Concello de Mos”

As características que deben cumprir as postais dos nenos participantes para poder entrar en concurso son as seguintes: pode ser en galego ou en castelán, pódese engadir ademais de debuxo todo tipo de ilustracións, fotos, etc.; pódense empregar os materiais que se desexasen: ceras, lapis, bolígrafos, rotuladores, telas, recortes, etc.; o tamaño non debe exceder dun folio tamaño A4 por un só lado, e a medida mínima é de medio folio A4

por un só lado; en relación ao tema, os pequenos poden engadir tamén unha frase na postal, que pode ser un desexo que non sexa de carácter material ou expresando que lles gustaría que cambiase no seu contorno coñecido, dos amigos/as, familiares, na escola, dos pais, etc.; e, por último, a postal debe ser obra do/a propio/a neno/a, e debe incluír ao final, como mínimo, o seu nome, idade, enderezo e teléfono de contacto (só se acepta unha postal por persoa).

## Axudas para gastos farmacéuticos

Dirección Xeral de Inclusión Social da consellería de Política Social aprobou a subvención á administración local mosense para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos dun importe de preto de 8.000 euros anuais.

Pola súa banda, o Concello de Mos asumirá unha porcentaxe mínima de cofinanciamento do orzamento total do programa dun 20%.

Cada persoa integrante da unidade familiar beneficiaria poderá ser destinatario dun máximo de 120 euros.

Desde o departamento municipal de Servizos Sociais, as técnicas atópanse xa redactando as bases reguladoras destas axudas farmacéuticas para familias usuarias do departamento, bases que serán levadas a aprobación á sesión plenaria ordinaria do presente mes de decembro

## O Pleno de Mos apoia aos afectados pola oleada de roubos e pide axuda a Interior

O Pleno da Corporación Municipal de Mos aprobou por unanimidade na sesión desta tarde amosar o seu apoio e solidariedade aos veciños das zonas afectadas ante a recente oleada de roubos e solicitar ao Ministerio de Interior o reforzo dos efectivos de vixilancia no Concello de Mos.

Ante a última oleada de roubos acontecida no barrio da Gándara, na Parroquia de Mos (9 en menos dun mes), o Pleno da Corporación Municipal manifestou a solidariedade e apoio dos corporativos aos veciños e veciñas das zonas do Concello afectadas e decidiu solicitar o reforzo da seguridade por parte do Ministerio de Interior para tranquilidade da



veciñanza.

A alarma veciñal é evidente, xa que os habitantes da Gándara víronse obrigados a constituír unha patrulla cidadá de vixilancia. “Unha preocupación totalmente xustificable e xustificada ante a que queremos presentarles todo o noso apoio, tanto a eles coma os habitantes doutras zonas do municipio perxudicadas por roubos”, explicou a alcaldesa, Nidia Arévalo.

## Novo servizo gratuíto de recollida de cartón a domicilio para empresas

Trinta empresas mosenses comezan a recibir o servizo gratuíto de recollida de cartón a domicilio para a súa posterior reciclaxe. Entre elas, as maioritarias pertencen aos sectores da hostelería e os talleres automovilísticos; aínda que tamén hai empresas de robótica, do sector agrícola, educativo, de electromecánica, química, de fabricación e venda de toldos, transportes, mobiliario-carpintería, etc. As ubicacións das empresas tamén son variadas e as hai dende as que están instaladas nos diferentes polígonos da localidade (Veigadaña, Rebullón, etc.) ata as que se sitúan en lugares illados do termo municipal.



Aínda que o servizo bota a andar con estas 30 empresas inscritas que se beneficiarán do mesmo, trátase dun proxecto aberto á futura e progresiva adhesión de novas empresas interesadas a maiores das xa existentes.

As empresas aínda non adheridas ao servizo que estean interesadas en facelo só teñen que poñerse en contacto telefónicamente con Urbaser no número gratuíto 900 720 190.



## SALCEDA DE CASELAS

## Salceda segue a avanzar en accesibilidade

O Equipo de Goberno do Concello de Salceda de Caselas ven de manter unha xuntanza con representantes de diversos colectivos de discapacitados. O obxectivo era analizar temas relacionados coa accesibilidade nos espazos públicos, buscando o apoio e o asesoramento dos diversos colectivos. Na xuntanza estiveron presentes representantes de COGAMI, ACEESCA, ASEM, ADAPTA, e veciños e veciñas do Concello con mobilidade reducida que acudiron a título persoal.

Na xuntanza presentáronse-lles proxectos como as próximas humanizacións a levar a cabo no casco urbano, nas que se seguirá a ter presentes de forma especial ás persoas con mobilidade reducida así como a outros colectivos vulnerables (persoas maiores, bebés...)

Ademais, e aproveitando a xuntanza, expúxoselles a idea de realizar unha "San Silvestre" inclusiva o 30 de decembro, aberta a tódalas persoas que desexen participar, sen que a mobilidade reducida resulte un impedimento para facelo. O percorrido, duns 3 km, transcorrerá integramente polo casco urbano, garantindo a accesibilidade en tódolos puntos. As diferentes entidades presentes na xuntanza amosáronse



ilusionados coa idea, e manifestando a súa intención de animar a participar na proba aos seus compoñentes, e ofrecéndose para colaborar en todo o preciso, tanto na preparación como no transcurso do evento.

Salceda de Caselas leva feito grandes avances en accesibilidade nos últimos anos, garantindo o acceso das persoas con mobilidade reducida a tódolos edificios municipais. Tamén nos espazos públicos (parques, beirarrúas...) se levan eliminado innu-

merables barreiras arquitectónicas, ó igual que se está a facer nos accesos a outros lugares de interese (igrexas, cemiterios...). Mención especial merece a rede de sendas fluviais creada polo actual equipo de goberno, nas que se coidou especialmente a accesibilidade e que son xa referente en todo o País. Tamén o CEP Altamira ven de converterse nun colexio totalmente accesible grazas ás ramplas construídas dende o Concello con colaboración da Xunta de Galicia, así como á ins-

talación dun ascensor sufragado por exalumnos do centro e polo propio Concello.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "traballamos por construír a Salceda das persoas, onde todos e todas teñan cabida en igualdade de condicións. Agradecemos enormemente o traballo das diferentes entidades, o seu asesoramento e o seu apoio en diversas iniciativas. O Concello de Salceda de Caselas seguirá a traballar con todas elas na búsqueda dos mellores resultados".

## Salceda amortiza gasto corrente co Plan Concellos

O Concello de Salceda de Caselas amortizou un total de 85.208,29 € de gasto corrente por medio do Plan Concellos 2016 da Deputación de Pontevedra. O gasto correspóndese con facturas do consumo de alumeadado público realizado no primeiro semestre deste ano 2016, e será financiado dentro da Liña 2 do Plan Concellos, que permitía a amortización de gasto corrente.

O gasto anual en alumeadado público no caso do Concello de Salceda de Caselas ronda os 350.000 € (case un 10% do orzamento anual), polo que esta subvención supón unha grande axuda á hora de afrontar este gasto.

Nos últimos anos lévanse realizado numerosas obras de mellora que permitan reducir o custe deste servizo, fundamental para a veciñanza, e que segue a supor unha importante carga financeira para o Concello.

A Deputación fixo unha achega ao Concello de Salceda de Caselas de 568.055,27 € para este ano 2016 dentro do Plan Concellos.

## A situación sanitaria de Salceda núcleo das emendas dos socialistas ós orzamentos da Xunta.

Despois da xuntanza mantida cos parlamentarios autonómicos, a voceira socialista anuncia que reclamarán que se incorpore ós orzamentos da Xunta de Galicia o centro de saúde de Salceda, "esixiremos que o novo centro teña nome e apelido propio dentro dos orzamentos da Xunta".

Dende o grupo municipal explican que non é de recibo que o goberno galego se esconde de novo nunha partida xenérica, que, como en anos anteriores, despois non se chega a executar. "Esta é unha inversión imprescindible para Salceda, que levamos reclamando dende o 2009 e que nunca foi reco-

llida nos orzamentos a pesar das continuas emendas feitas polos socialistas, ano tras ano".

Dende o grupo municipal socialista, consideran "que unha vez máis o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, viu facer a foto en campaña electoral, pero nin sequera reflexan unha partida concreta e individualizada para comezar en 2017".

Explican, que a situación sanitaria en Salceda é totalmente deficiente, con un centro de saúde colapsado e sen accesibilidade. Lembran as concelleiras que o seu grupo propuxo dedicar parte do diñeiro do Plan Concellos da Deputación deste ano a

mellorar a accesibilidade do actual centro ó que o Alcalde se negou. "Salceda podería ter neste intre unha solución á accesibilidade do centro actual, unha instalación de titularidade municipal que no momento de dispor do novo centro estaría en condicións de proporcionar calquera outro servizo ós veciños", lembra a voceira socialista; incidindo en que por suposto "a solución da accesibilidade non vería en ningún caso a substituír a necesidade inmediata do novo centro".

O ensino e a seguridade formarán tamén parte das emendas

A implantación do ensino

postobrigatorio no IES e a ampliación do CEP Altamira formarán tamén parte das alegacións que os parlamentarios socialistas presentarán.

Unha vez máis tamén será obxecto de alegación un novo enlace a P0510 na parroquia de San Xurxo. Ademais do alumeadado nesa estrada ó paso polo termo municipal de Salceda e as beirarrúas na zona de Tabernanova en Soutelo.

Verónica Tourón subliña como "fundamental" que o goberno de Galicia teña en conta as necesidades de Salceda, sobre todo no eido sanitario e do ensino e que "os veciños e veciñas de Salceda comecen a existir nas contas do goberno galego".





## VAL MIÑOR

NIGRÁN

## Samuel Blanco deixa o Rías Baixas e dá o salto ao campo profesional

Este inesquecible 2016 para o Club Ciclista Rías Baixas vai pechar co salto de dous dos seus corredores ao campo profesional. Á fichaxe de José Manuel Gutiérrez polo Kuwait-Cartucho.es, únese o de Samuel Blanco polo LA Aluminios Metalusa Blackjack. O corredor rondelano cumpre o seu soño despois de explotar como ciclista defendendo as cores do proxecto presidido por José Luis Chamorro.

A relación entre Samuel e a entidade miñorana non puido ser máis fructífera. A súa incorporación o pasado inverno respondeu á innegociable aposta da directiva deste club e do seu director deportivo Marcos Serrano polos novos talentos do pelotón galego. Desde a súa chegada, o de Chapela non deixou de ir a máis. Competitivo desde a primeira ata a última carreira, empezou a demostrar que podía estar á altura dos mellores na Volta á provincia da Coruña. Fixose coa camisola de mellor galego e unhas semanas despois proclamouse campión autonómico de fondo na estrada.

O Club Ciclista Rías Baixas realizou un ano máis un tremendo esforzo a todos os niveis para que os seus corredores gozasen do calendario máis completo por toda a península ibérica e a gran recompensa a esta constancia chegou na cita máis especial, a Volta a Galicia. Samuel adxudicouse a camisola amarela final despois de exhibir unha excepcional fortaleza física e mental.



Esta vitoria supuxo para a familia do Rías Baixas alcanzar un obxectivo que anhelaba desde a creación do equipo Elite e Sub23 e, á súa vez, Samuel chamou con forza ás portas do profesionalismo. A oportunidade brindoulle a estrutura portuguesa do LA Aluminios Metalusa Blackjack, que leva a un corredor de 22 anos cun enorme futuro por diante.

Nas súas catro tempadas como conxunto amateur, o proxecto impulsado e liderado por José Luis Chamorro consolidouse como un trampolín para a

máxima categoría do ciclismo. Moisés Dueñas, Jacobo Ucha, José Manuel Gutiérrez e Samuel Blanco son algúns exemplos. Aquí relanzaron as súas carreiras e conseguiron unha oportunidade ao máis alto nivel.

O Club Ciclista Rías Baixas non deixa de crecer e algún día aspira a pedalear como equipo profesional. Mentres tanto, a todos os seus compoñentes échelles de orgullo comprobar como a ilusión e o traballo dos seus deportistas vense recompensados.

## Aberto o prazo para solicitar a bonificación do 90% da taxa do lixo

Pensionistas ou desempregados en situación de dificultade económica poden, por vez primeira no Concello de Nigrán, solicitar por escrito ata o 31 de decembro de 2016 unha bonificación do 90% na taxa pola recollida do lixo (ata agora o desconto era do 50%). Esta posibilidade responde ao acordo plenario de outubro de 2015 respaldado por tódolos grupos políticos excepto PP, que se absteivo.

As persoas en esta situación de dificultade económica deberán acreditar a mesma: non posuír o conxunto da unidade familiar ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional, non ser propietario ou usufrutuário de bens urbanos (descontando a vivenda habitual e agás as de valor catastral inferior a 60.000 euros) ou en caso de parados, acreditar que levan alomenos 6 meses así dentro dos doce anteriores. Cando se estime favorable a solicitude terá efecto no exercicio seguinte, é dicir, os que o soliciten agora obterán a

bonificación no recibo de 2017.

"Esta é a verdadeira política social que defendemos, que consiste en non cargar con máis impostos ou taxas á xente que menos ten. Para moitas familias a bonificación do lixo é moi importante para poder manter a súa economía doméstica", considera o alcalde, Juan González.

BAIONA

## A Xunta investirá case 2 millóns de euros en Baiona no 2017

O delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, mantivo un encontro institucional co alcalde de Baiona, Ángel Rodal, con motivo do seu nomeamento o pasado 21 de novembro.

No transcurso da reunión, alcalde e delegado analizaron polo miúdo as principais obras que se atopan en marcha e que contan coa colaboración da Xunta, coma é o caso dos traballos no CEIP Fontes Baíña, en Covaterreña ou na nova oficina de turismo. Ademais, fixeron un repaso polas vindeiras obras que están a piques de iniciarse para o ano 2017, como por exemplo as obras da II fase do plan Hurbe na tra-

vesía de Sabarís; a execución das dúas sendas na travesía de Baiona -a PO-552- ou a mellora do saneamento en Santa Marta. En definitiva, investimentos que chegan case aos 2 millóns de euros para o vindeiro ano 2017.

Tamén tiveron verbas especiais para os traballos de sinalización do Camiño Portugués pola Costa e o que supón para o turismo na Vila Real.

Outro dos asuntos que trataron foi a situación da Área e do transporte metropolitano, aspecto no que o alcalde lle trasladou "a súa queixa" polo incumprimento por parte do alcalde de Vigo de incorporarse ao Plan de Transporte Metropolitano

coma condición previa para a posta en marcha da Área Metropolitana. "É un incumprimento da súa palabra e da súa firma", sinalou o delegado, quen explicou que os veciños de Baiona "están discriminados pagando un billete que non deberían pagar". Deste xeito, os cidadáns da área están a perder importantes descontos -que chegarían a superar os 500 euros anuais- pola negativa de Vigo a incorporarse ao PTMcoma así comprometeu o alcalde de Vigo ante aos rexedores da área o pasado 22 de febreiro e coma tamén rubricou co convenio para incorporarse ao Plan de Transporte Metropolitano o pasado día 6 de xullo.

GONDOMAR

## Talleres para maiores e pequenos en Gondomar

A Concellería de Xuventude que dirixe Nuria Lameiro a través da OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) organizan nas datas de nadal un taller para nenos, nenas e adultos no Centro Neural de Gondomar. O taller titúlase "Risas en familia" e forma parte do programa da Deputación de Pontevedra "Tecendo Lazos".

O taller será impartido por monitores o longo de catro días e en horario de mañá. Os nenos e nenas menores de trece anos deberán estar acompañados por un adulto, mentras que os que superen esta idade poderán asistir coa autorización dos seus titores. O ta-

ller está dirixido a tódolos membros da familia: nenos e nenas, pais e nais e avós e avoas. Entre as actividades que se organizarán falarase da historia do municipio, da súa evolución, das súas lendas e contos e animarase a que os participantes aporten imaxes de Gondomar para unha vez finalizado o taller crear un libro con todos esos detalles compartidos.

A información de inscrición e as datas estarán dispoñibles na oficina da OMIX, na Casa da Cultura a partir do día 12 de este mes. Tamén no número de teléfono 986 369 746 ou no correo omix@concellodegondomar.com



## O ROSAL

## Abraza unha árbore

Este Nadal O Concello do Rosal ten entre as súas prioridades acondicionar os espazos públicos e chegar a cada barrio do concello. A iniciativa ABRAZA UNHA ÁRBORE chega estes días ao Parque de Pías e a Praza do Calvario, aínda que nos próximos días continuarase con Tabagón, Pías-San Gregorio, Cun-

chada, Marzán, Cumieira, etc ata chegar ao máximo posible de parroquias.

Esta iniciativa xorde da idea de inculcar o respecto polos espazos públicos para o goce de todos os veciños e veciñas do Rosal.

Asimismo puxéronse uns carteis co lema "O Rosal loce máis se ou coidamos entre tod@s"



## O Concello do Rosal retira máis de 150 niños de vespa asiática en seis meses

Un total de 148 niños de vespa asiática foron retirados por operativos municipais nos diferentes barrios do Rosal no que vai de xuño a novembro. 43 en Ferreiros, 28 en Fornelos, 27 en Novás, 23 en Marzán, 16 en San Miguel, 7 en Tabagón, 4 en Eiras. A estes hai que sumar outros 9 niños retirados nos concellos limítrofes de

a Guarda, Oia e Tomiño. Na retirada participaron 3 persoas voluntarias que colaboran co Concello do Rosal.

A presenza desta especie invasora, é especialmente agresiva para as abellas locais. Pon en perigo a polinización e a produción de mel, pero tamén a froita ou a vide xa que se ve atraída pola froita madura.

**VII CONCERTO CORAL ECOS DO NADAL**  
Sábado, 17 de decembro de 2016  
19:00 horas  
*Auditorio Municipal de O Rosal*

**Participan:**

- Coral Polifónica "Lira" (San Miguel de Oia, Vigo)
- Coral Polifónica de A Cañiza
- Coral Polifónica "Ecos do Folón" (Fornelos, O Rosal)

**Como broche final:**  
-ORFEÓN CORAL "Lira-Cañiza-Folón"

**Director:** Xosé Fernández

**Organiza:** Coral Polifónica "Ecos do Folón"  
**Colabora:** Asociación Músico-Cultural Ecos do Folón  
**Patrocina:** Concello de O Rosal  
**Comunidade de Montes Sra. Mariña de O Rosal**  
**Excmo. Deputación de Pontevedra**

**ACTIVIDADES DE NADAL  
CONCELLO DO ROSAL**

**10 DE DECEMBRO**  
FESTIVAL DE BAILE DE NADAL  
ESCOLA DE BAILE "MARCANDO PASOS"  
AUDITORIO MUNICIPAL ÁS 18:00H

**11 DE DECEMBRO**  
FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA  
RUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL E AGRUPACIÓN MUSICAL DE VENCOS  
AUDITORIO MUNICIPAL ÁS 12:00H

**17 DE DECEMBRO**  
CONCERTO DE CORAIS  
"ECOS DE NADAL"  
AUDITORIO MUNICIPAL ÁS 18:00H

**18 DE DECEMBRO**  
CONCERTO DE NADAL  
"AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL"  
AUDITORIO MUNICIPAL

**22 DE DECEMBRO**  
O APALPADOR VISITA O ROSAL  
PRAZA DO CALVARIO ÁS 17:00H

**26 DE DECEMBRO**  
OBRADOIRO DE MARIONETAS ÁS 11:00H  
OBRADOIRO DE MÁSCARAS ÁS 17:00H  
SALA DE EXPOSICIÓN

**28 DE DECEMBRO**  
CINE  
"ZOOTRÓPOLIS"  
AUDITORIO MUNICIPAL ÁS 17:00H

**30 DE DECEMBRO**  
CONTACONTOS  
CONTOS DE NADAL  
BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁS 17:00H

**3 XANEIRO**  
OS BOLICHAS NO ROSAL  
PRAZA DO CALVARIO ÁS 17:00H

**5 XANEIRO**  
REIS MAGOS  
RECIBIREMOS AOS REIS MAGOS NA PRAZA DO CALVARIO  
A PARTIR DAS 17:00H TRAEIANNOS AGASALLOS E CHOCOLATADA

**BO NADAL E PRÓSPERO ANO NOVO**



## BAIXO MIÑO

TUI

*O teu comercio de Tui desexa  
Bo Nadal e agarimoso Ano Novo*



**EMT ESMETUY S.L.**

**ESTRUCTURAS METÁLICAS**

TEL: 986 60 70 39      POLIG. OS VIVEIROS, PARC.1  
FAX: 986 60 39 44      GUILLAREI - 36720 TUI  
MÓVIL 606 96 87 11      PONTEVEDRA  
**administracion@esmetuy.es**

**BIPER**  
Cafés & Batches

sabor para cada momento del día

AVD. CONCORDIA 68/69 TUI

**TUI TOYS**

UNA JUGUETERÍA DIFERENTE... Y MAS

C/AUGUSTO GLEZ. Nº17-TUI-TLF: 986 184 428  
mail: tuitoys@hotmail.com

*Esencias da terra*  
POR Tui Té

Productos naturales para sentirse bien  
Infusiones, tes - cosméticos - aceites - cerámicas  
[www.tui-te.es](http://www.tui-te.es) [ventas@tui-te.es](mailto:ventas@tui-te.es)  
Calle H. Maristas 12, Tui,  
Tlf: +34 986 604 569

**LA GRAN MANZANA**  
CAFÉ & HELADERÍA

**TUI**

**NL**

**Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.**  
CORREDURIA DE SEGUROS  
**Ovidio Carballo Patricio**  
Dpto.Comercial

Avda. Calvo Sotelo, 13 - Baixo - 36700 TUI  
Telf: 986 601 539 - Fax: 986 607 028  
Móvil: 629 880 027  
[ovidio@hnos-nunez.com](mailto:ovidio@hnos-nunez.com)

**DOMINGOS ALTERNATIVOS PULPO A FEIRA**

**BAR SOBREIRO**

Ciguñeiras 14 Guillarei - TUI

**San Juan**  
Galleres

**MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**  
PARAMOS - LA TORRE, 21-B  
TUI - PONTEVEDRA

Telf: 986 60 38 43  
Móvil: 667 56 73 47  
**MECÁNICA GENERAL**

**ALIMENTACIÓN A TENDA**

Servicio a domicilio (consultar)  
Lunes de 10:00h a 14:00h  
De Martes a Sábado de 09:30h a 14:00h y de 17:00h a 21:00h  
Abrimos Domingos y festivos de 10:00h a 14:00h

C/ Ciguñeiras 11      Tlf: 657 741 992  
Guillarei - Tui      625 439 544

**LABORES DOMÉSTICAS**      **SERVICIO DE CANGUROS**

**ASISTENCIA HOSPITALARIA**      **AYUDA A DOMICILIO**

**TIENDA ORTOPEDIA**      **TERCERA EDAD**

**edades**  
www.edades.org

Telf: 986 60 06 42  
C/ Maristas, 5 bj-dcha  
Tui (Pontevedra)  
[www.edades.org/tui10.htm](http://www.edades.org/tui10.htm)

**ACADEMIA EIS**

ORDENADORES - CONSUMIBLES - REPARACIONES

Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI  
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661  
[eis\\_academia@hotmail.com](mailto:eis_academia@hotmail.com)



## O Concello de Tui solicita a colaboración cidadá no coidado do patrimonio histórico da cidade ante os casos de vandalismo

Ante os actos vandálicos das últimas semanas no conxunto histórico de Tui, a concellería de Patrimonio quere facer un chamamento ao respecto e protección dos elementos que permiten divulgar a nosa historia. Aínda que se trata dun problema antigo, nas últimas semanas, dende a colocación da nova sinalización no conxunto histórico, véñse producindo un aumento do vandalismo. Nos últimos días arrincouse unha das sinais e rompéronse outras dúas ademais de aparecer diferentes pintadas na praza de San Fernando.

A Concelleira de Patrimonio, Carmen Núñez, chama a “combaten” este tipo de actos incívicos que van en contra de todos os tudenses. Núñez salienta que “se



fixo un importante esforzo por dotar ao conxunto histórico dunha nova sinalización máis limpa, harmónica e respectuosa coas características do entorno” e polo tanto “é importante protexer o esforzo común” ante

estes actos.

Dende o Concello de Tui lembran que contamos co segundo casco histórico de Galicia é que a nova sinalización permite informar aos tudenses e visitantes da riqueza do patrimonio tudense.

## O Concello impartirá en xaneiro un curso para deixar de fumar

O Departamento de Prevención de Drogodependencias da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Tui, en colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro, organiza como xa é habitual, para o mes de xaneiro un curso gratuito de “Des-habituación Tabáquica”.

O curso, que comezará o 18 de xaneiro na Área Panorámica, consta de sete sesións cunha duración de hora e media cada unha, en horario de tarde, os mércores de 18:30 a 20:00 horas e está enfocado a persoas maiores de 18 anos que queiran deixar de fumar.

Trátase dun programa de axuda específica e personalizada para facer fronte ao complexo proceso de deixar atrás ao tabaquismo. Os interesados

poden anotarse nas dependencias de Servizos Sociais no Concello de Tui en horario de mañá, no teléfono 986 60 36 25 ou no correo electrónico paula.sso- ciais@concellotui.org. O prazo de inscrición remata o xoves, 29

Dende a Concellería lembran que o tabaco é unha das maiores ameazas para a saúde pública xa que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) morren case 6 millóns ao ano a causa deste hábito dos cales máis de 5 millóns son consumidores directos.

Segundo a propia OMS, a maioría dos fumadores que coñecen os riscos do tabaco desexan deixalo pero a maioría non conseguen facelo sos. É necesario o asesoramento, que pode duplicar a probabilidade de superala adicción.

## O TSXG confirma a sentenza da legalización da ampliación do cemiterio de Rebordán

Na sentenza do pasado mes de xuño o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra inadmitira o recurso presentado pola Asociación de Veciños e Manuel Goberna Caride contra o acordo da Xunta Local de Goberno do Concello de Tui de xuño 2015 no que se concedía o título habilitante para a legación da ampliación do cemiterio da parroquia de Rebordáns. Contra esa sentenza Manuel Goberna Caride e a Asociación de Veciños presentaron un recurso de apelación que vén de ser desestimado polo TSXG, ao tempo que lles impón as costas do xuízo causadas, ata un máximo de 500 euros, por honorarios de letrado de cada unha das partes apeladas,

neste caso o Concello de Tui e a Comunidade de Montes de Rebordáns.

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra xa condenara tamén na sentenza ao pago das costas de primeira instancia ata un máximo de 600 euros, a cargo da Asociación de Veciños e do particular.

Os feitos remóntanse á xullo de 2011 cando José Manuel Sousa Sousa presentou escrito para legalizar a ampliación do cemiterio de Rebordáns, alegando a Asociación de Veciños que non era presidente da mesma nin tiña documento acreditativo para exercer esta representación. A xuíza estima que aínda que dende o Concello non se requiriu documentación acreditativa da repre-

sentación este defecto non é invalidante do proceso seguido no Concello. Posteriormente a Comunidade de Montes asume a promoción deste expediente, sendo a propietaria dos terreos onde se levou a cabo a ampliación do camposanto

Na sentenza sinálase que a legalización da ampliación do cemiterio conta con todos os informes técnicos preceptivos tanto da administración local, coma da autonómica. A xuíza estima que na demanda “non existe unha defensa do interese urbanístico, senón que existe unha disputa dentro da Asociación de Veciños” e apunta que a tramitación do expediente administrativo foi “impecable”.

**DONILO**  
estilismo propio  
C/ Casal Abalo 100 - 36700 Tui - Tel: 986 601 694

**PROMOCIONES**

- COSETE INFANTIL: 21<sup>50</sup>€
- COSETE ADULTO: 18<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 35<sup>00</sup>€
- COSETE INFANTIL: 5<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 12<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 9<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 49<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 5<sup>50</sup>€
- COSETE ADULTO: 6<sup>00</sup>€
- COSETE ADULTO: 10<sup>00</sup>€

**UNAS DE GEL 25<sup>50</sup>€**

**Cafe - Bar SOEIRAS**

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 100 - Guillarín 36700 - Tui (Pontevedra)

**A Taberna Tui**

TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO  
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR.  
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...

C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114



## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## O Club de Xubilados da Guarda pide axuda ao concello



**R**epresentantes do Club de Xubilados da Guarda mantiveron no concello unha reunión co alcalde, Antonio Lomba, e a concelleira de Servizos Sociais, Tere Vicente, para trasladar-lles a súa preocupación pola situación que están a pasar por non ter directiva nin perspectivas de que alguén se faga cargo do club.

Os problemas comezaron cando o anterior presidente se

viu obrigado a deixar o cargo por problemas de saúde. Dende ese momento, fixéronse responsables de forma eventual membros da súa directiva co compromiso de convocar un pleno no que debían presentarse novos candidatos para levar o club, e así o fixeron pero non se presentou ningún.

A xestora provisional está facendo esforzos para contactar

con socios que queiran botar unha man para evitar o peche do club, cousa que sucederá se non aparece unha nova directiva antes de fin de ano, data na que remata o seu compromiso.

Nesta reunión trasladaron a súa preocupación aos responsables municipais, nela faláron das consecuencias que a desaparición do club podería ter. Unha das primeiras sería a perda do local no que teñen a súa sede, que é propiedade do ISM. Corren perigo tamén de desaparecer as numerosas actividades que dende fai moitos anos vén realizando o club: Coral, grupo de gaitas, bordado, Tai Chi, bolillos, etc.

O alcalde comentou a importancia social que o club ten para A Guarda e a enorme perda que implicaría o seu peche, así como o prexuízo que xeraría a moitos dos seus socios por ser un elemento fundamental do dinamismo social, cultural e da actividade física para os seus numerosos compoñentes que nestes momentos roldan os 500.

## A exposición “Imaxes con fondo” estará na Casa do Concello do 5 ao 23



**D**ende o luns 5 de decembro xa se pode visitar, nas dúas plantas da Casa do Concello da Guarda a exposición “Imaxes con fondo”, organizada polo Fondo Galego de Cooperación en colaboración co Concello da Guarda.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede integrada por 88 concellos e as deputacións da Coruña e Lugo que concentra os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Nesta mostra de fotografía, deseñada polo debuxante Pepe Carreiro, inclúense as 19 obras que concorreron no concurso de fotografía “Imaxes con fondo” e que buscan concienciar sobre as condutas respectuosas coa contorna e coas persoas que nela habitan. Os temas das fotografías que se poden ver na mostra abarcan diversos temas como a solidariedade interxeneracional, o aforro enerxético,

a protección ambiental, o consumo, a prostitución, a explotación laboral, a crise alimentaria ou as desigualdades Norte-Sur.

Este concurso celebrou este ano a súa terceira edición, Imaxes con Fondo III e no Facebook do Fondo Galego está aberta a votación para elixir entre as imaxes participantes, que nesta segunda edición versan sobre o tema da interculturalidade.

Dende o concello da Guarda se anima a todos os veciños e veciñas á achegarse á Casa Consistorial en horario de 8 a 15 horas, de luns a venres, para poder contemplar unha mostra que combina o arte da fotografía coa sensibilización e, que ten como obxectivo principal a promoción da reflexión, o pensamento crítico e un cambio de actitude dentro da nosa sociedade por medio da palabra e a imaxe.

## A Xunta inicia a obra de mellora do firme da estrada PO-352, A Guarda-Camposancos

**A** Consellería de Infraestruturas e Vivenda, vén de iniciar as obras de mellora do firme na estrada PO-352 (A Guarda-Camposancos), onde se invisten máis de 88.000 euros. Estas actuacións están enmarcadas nun contrato máis amplo no que tamén se inclúen actuacións de rehabilitación do firme nas estradas PO-553, na Ponte de Goián, no Concello de Tomiño, ou na PO-552, nos municipios de Tomiño e Tui.

Na estrada PO-352 actuarase na totalidade da estrada, de 4,35 quilómetros de lonxitude, entre o punto quilométrico 1+680 ao 6+030. Ademais das reparacións puntuais, previse a extensión dunha nova capa de rodadura en toda a sección entre, concretamente, na travesía de Perillo.

Esta obra inclúese nun paquete de reforzos de firme foi adjudicado á empresa Taboada y Ramos por un importe de máis de

400.000 euros e conta cun prazo de execución de tres meses.

Os traballos proxectados no citado contrato comezaron na estrada PO-552, onde se actuou no treito comprendido entre os puntos quilométricos 59+300, preto da Tarrasteira, e 71+070, en Areas, nos municipios de Tomiño e Tui. Unha vez rematadas as melloras nesta vía comezaron os traballos na PO-352 e seguirán por último na PO-553.

**Repuestos OJEA**  
MECANISMO AUTOMOCIÓN  
Avda. Galicia, 44 Bajo  
Salceda de Caselas  
Tel: 986 34 33 71  
Fax: 986 349 686  
repuestosojea@gmail.com

**Pizzeria D'Camilo**  
V.P. Vidal, 25  
Salceda de Caselas  
Telf.: 986 34 06 61

**EMILIO seguros**  
DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD  
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...  
telf. información: 609 544 351



## A GUARDA

## A Fonte dos Campos volve a botar auga

O concello da Guarda acaba de rematar unha actuación de recuperación do patrimonio histórico-cultural da vila a través dunha subvención da Deputación de Pontevedra que adicou á rehabilitación da Fonte dos Campos, situada no cruce entre a rúa Calvario e a rúa da Guía; e o Lavadoiro de Regudíns, na parroquia da Gándara. O orzamento destas actuacións ascendeu a 6.757,83 €.

A dos Campos é unha fonte tradicional de dous canos que contaba con fronte de pedra e unha pila do mesmo material que no pasado sufrira unha reparación desafortunada e dende fai moitos anos non botaba auga. A actuación neste elemento patrimonial tiña por obxecto a recuperación, por un lado da parte física da fonte, para o que foi necesario tallar unha nova base e, por outro, debía volver a cumprir a súa función.

Esta fonte atópase no Camiño de Santiago pola Costa, o que fai que nestes momentos ademais de servir auga aos veciños, pode ser punto de avituallamento dos peregrinos.

No caso do Lavadoiro da Gándara fixéronse tarefas de mantemento que consis-



tiron na limpeza e rexunte do conxunto para adecentalo, así como a reparación da cuberta. Aínda que hoxe en día os lavadoiros e fontes non se utilizan como en tem-

pos pasados, é unha obriga de todos manter estes elementos etnográficos que forman parte do patrimonio de todos os guardeses e guardesas.

## O Concello convoca axudas para deportistas

O venres día 9 de decembro abríuse o prazo para que os e as deportistas da Guarda podan solicitar as axudas individuais a deportistas guardeses, que teñen como obxectivo sufragar os diversos gastos de desprazamento, material e outros dos deportistas guardeses e guardesas máis destacados.

As bases da convocatoria veñen de ser publicadas no BOP o mércores 7 de decembro e poden atoparse así mesmo na páxina do concello da Guarda [www.aguarda.es](http://www.aguarda.es), onde tamén estará a solicitude. Esta pode ser descargada e entregada, unha vez cuberta e xunto co resto da documentación indicada nas bases, dentro dos 20 días hábiles dende o venres día 9 no Rexistro Municipal.

## O Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz conta con audioguías en cinco idiomas

O Centro de Interpretación das Fortalezas Transfronteirizas do Castelo de Santa Cruz da Guarda conta, desde esta semana, con tres novos idiomas nas súas audioguías, que xa tiña en castelán e galego e que agora amplía ao portugués, inglés e francés. Estas foron financiadas polo concello da Guarda e contaron coa axuda da

Unión Europea a través do Feader: "Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural" Europa inviste no rural. Ademais, tamén contribuíron Turismo de Galicia e o Ministerio de Agricultura.

As audioguías, con contidos que foron definidos por persoal con experiencia na interpretación de elementos naturais e

patrimoniais e que inclúen o contexto da guerra de Restauración, o transcurso da guerra no Baixo Miño, a tecnoloxía da fortaleza e partes da mesma, ou os valores naturais dentro da fortaleza, están presentes en formato físico no Castelo de Santa Cruz e que poden descargarse dende o enlace da web de turismo da

Guarda <http://turismoaguarda.es/audioguías/>. Con elas conséguense incentivar o desexo de coñecer por parte do visitante e mellorar a visita e experiencia dos turistas que se acheguen ata o Centro de Interpretación de Santa Cruz, un dos principais puntos de interese da Guarda.





## BAIXO MIÑO

TOMIÑO



Todos los Jueves na Taberna Tui

**PULPEIROS**  
ARENTEIRO  
do Carballiño



TLF: (+34) 636 634 164  
pulpeirosocarballino@gmail.com

*O teu comercio de Tomiño desexate  
Bo Nadal e a garimoso Ano Novo*

Alimentación y Carnicerías **RODRIGUEZ**



"Servicio a domicilio"

Plaza de Abastos - Telf. 636 22 87 37 - TOMIÑO  
Telf. 986 63 31 65 - CURRÁS - TOMIÑO

 Gescon, Serfin.E de Seg, S.L.  
Agente Exclusivo

Núm. Registro C0072B36289924

Rua Rosalía de Castro, 2 Bajo  
36750 Goian  
T +34 986 609 702  
F +34 986 621 258  
gescon@generalimediadores.es

**BAR**  
**vaya punto**

**Bocadillos-tapas**  
A. Ordóñez, 12  
Goyán-tomiño  
Telf: 629 794 300

**MASTER**  
CADENA

**MASTER TOMIÑO**  
986 622 147  
Avda. Gondomar, 59 - TOMIÑO

www.mastercadena.es  
tomiño@mastergalicia.com

**SABORES DA TERRA**  
**ECO-TENDA**  
CALIDAD AL MEJOR PRECIO  
**¡VEN A VISITARNOS!**  
AVD.GONDOMAR Nº64 TOMIÑO  
\*SI CITAS ESTE ANUNCIO EN TIENDA. 5% DESCONTO  
\*ESTA NAVIDAD REGALA SALUD\*

**Manel Riveiro**  
Peluquero  
Estética  
Tattoo Desde 1995

**Tel.: 986 621 077**  
Av. Ordóñez, 27  
36750 Goian - TOMIÑO (Pontevedra)

**FERRETERÍA**  
**A RÓDA**  
ELECTRODOMÉSTICOS

- Electrodomésticos
- Copias de llaves
- Tornillería
- Fontanería
- Menaje
- Jardinería
- Mamparas de baño
- Reparación de antenas
- Maquinaria

C/ Colón, Nº 1 - Bajo  
36740 TOMIÑO (Pontevedra) Telf: 636 130 219

**Ovala**  
peluquería

C/ Colón, nº 1 - Bajo 1ºq. - TOMIÑO  
T 986 62 21 69 - 695 558 380  
BAJO LA GERENCIA DE ALBA SOLLEIRO



**ASOMATE**

tu tienda de oportunidades  
Telefonía - Consolas - Videojuegos  
Compramos tu viejo móvil  
Distribuidor Autorizado **CANAL+**

Sol Moides González  
asomate14@hotmail.com  
www.asomate.es

C/ Colón, 3 - Bajo  
TOMIÑO (Pontevedra)  
Telf: 986 63 36 51 - 600 009 192



## TOMIÑO

## O Concello de Tomiño leva a cabo importantes melloras no mercado municipal



A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu ao Concello de Tomiño unha subvención para realizar varias melloras no Mercado Municipal, dentro do plan "Tomiño, á procura da excelencia".

O importe da subvención ascende a 38.675,71€, aos que o Concello sumou outros 16.238,80, de fondos propios,

para poder afrontar as obras e subministros, que tiveron un custe total de máis de 55.200€.

A intervención consistiu, concretamente, en tarefas de mellora acústica e da imaxe corporativa do mercado; creación dunha zona de lavado e amoblamento no andar superior; subministración dunha cámara comunitaria para froitas e dunha máquina para fregado,

secado e abrillantado do chan; instalación dun sistema colga cadros en carril con movemento flexible, etc.

O mercado municipal, que fora obxecto dunha profunda reforma hai un par de anos, conta agora con máis servizos que ofrecer aos seus praceiros e aos clientes, que contan cunha oferta diferenciada e de calidade.

## Curso de manipulador de alimentos

O Concello de Tomiño organiza un novo curso de manipulador de alimentos, que terá lugar o vindeiro mércores 21 de decembro ás 17.00 horas, na Casa da Cultura.

O prazo de inscrición permanecerá aberto até

o día 19, na Oficina de Desenvolvemento Local do Concello, sita na Praza do Seixo, 1. As persoas interesadas poden informarse chamando aos teléfonos 986 62 20 01/02/03.

O prezo do curso é de 17 euros.

## Nadal en Tomiño

O Concello de Tomiño propón un Nadal cheo de maxia especialmente pensado para os pequenos da vila, pero con ofertas tamén para o resto da familia.

A vindeira fin de semana, acenderase a iluminación de Nadal. Deste xeito, as principais rúas dos núcleos urbanos de Tomiño e Goián, iluminaranse con centos de pequenas luces de lede e motivos propios destas festas.

Abrirá o programa a Cabalgata de Papá Noel, o sábado 17 ás 11.00 horas, na Praza do Seixo, coa colaboración de BANTA (Banco de Tapóns).

Ese mesmo día, ás 17.00 horas, Festival de danza ADEIXA, no Auditorio de Goián, con recollida de alimentos para SOS Tomiño.

O domingo 18, Concerto de Nadal, a cargo da Agrupación Musical de Goián. Tamén no auditorio, ás 18.00 horas, e con recollida de alimentos non perecedeiros.

O programa continúa o día 26, coa inauguración da Exposición de postais de Nadal no Mercado Municipal, que permanecerá aberta até o día 7 de xaneiro.

O mércores 28, O Apalpador chegará á Praza do Seixo ás 11.00 horas. No caso de chuvia, a actividade trasladarase ao mercado.

Tamén o mercado municipal será o espazo no que se desenvolverá, o xoves 29, de 17.00 a 19.00, o obradoiro de teatro infantil "Unha coroa para os reis magos", a cargo de Migallas Teatro. É necesario apuntarse no Concello.

O venres 30 chega ao mercado,

entre as 17.00 e as 18.00 horas, o meigo Zanas, co espectáculo "Máis que maxia".

A programación continúa os días 2, 3 e 4 de xaneiro coa actividade "Nadal na Praza". Entre as 16.00 e as 20.00 horas, a Praza do Seixo encherase de xogos, obradoiros, inchables, coa protección dunha carpa, por se acaso chovera.

A Cabalgata de Reis será o xoves 5, con saída dende o Campo do Alivio ás 16.30 horas e percorrido até a Praza do Seixo. Nela terá lugar a recepción dos nenos e nenas por parte dos Reis; entrega de agasallos e reparto de papeletas para o sorteo dunha bici, tablet, patins, drons, etc.

O sábado 7 de xaneiro, a programación continúa con "O mundo máxico de Pinocho". A función, a cargo de Educa Teatro, será no Auditorio de Goián, ás 18.00 horas, con entrada de balde para nenos e nenas e de 3 euros para adultos.

Pechará o programa outra obra de teatro infantil-musical, "As andanzas de Paio", a cargo do grupo Vaioviravai. Tamén no auditorio, ás 18.00 horas. Coma na anterior actividade, a entrada será de balde para nenos e nenas e de 3 euros para as persoas adultas.

Cristina Martínez, concelleira de Cultura, informa que este Nadal terá coma mascota, un teixugo, un animalíño habitante dos nosos bosques que destaca polo seu tesón e perseveranza e que é símbolo da unión coa terra e a chegada do Nadal.



# PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11- Salceda de Caselas  
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño  
☎ 986 658 529



Móvil 645 316 524  
pinturasfernandomiguez@hotmail.com



## MISCELANEA


## Gabriel Bernárdez Expósito gañador do Concurso de Lemas contra a Violencia de Xénero da USC

A Universidade de Santiago de Compostela realizou o 25 de Novembro de 2016 un acto de homenaxe, reivindicación e reflexión no marco do día contra a Violencia de Xénero. Neste evento fíxose un chamamento polas autoridades presentes en pro dunha sociedade máis xusta e igualitaria. A continuación, a dirección universitaria entregou a académicos e estudantes diversos recoñecementos polo seu traballo neste campo.

Gabriel Bernárdez Expósito, estudante de 4º curso de Dereito, natural de Arbo e con raíces pa-

ternas en Angoares (Ponteareas), recibiu o recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela polo seu escrito en favor da evolución da conciencia e a independencia das vítimas de Violencia de Xénero. Así pois, foi galardoado nun ambiente emotivo e solenne no Salón de Graos do Reitorado da Universidade.

Lema premiado: "Latente, pero oculta. Está crecendo. Aínda fráxil, mais xa se sabe defender. Entón independízase. É o momento de actuar. EMPODÉRATE."





## Mostra retrospectiva de Miguelanxo Prado no Museo de Pontevedra ata o 29 de xaneiro

‘Mar Interior’, a exposición que reúne 36 anos de traxectoria de Miguelanxo Prado, poderá verse desde o 13 de decembro e ata o 29 de xaneiro no Sexto Edificio do Museo.

“Para min esta exposición supón algo moi especial porque expoñer no Museo de Pontevedra é como expoñer na Casa de Castela, que é onde está o corpus máis importante do seu legado, e para min é como a entrada nunha especie de Olimpo transcendente para a nosa cultura” aseguraba Miguelanxo Prado durante a presentación da mostra ‘Mar Interior’, exposta no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra. Na presentación da mostra estiveron, ademais do propio autor, os comisarios Fausto Isorna e Gemma Sesar, o director do Museo, Carlos Valle, e o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal. Tanto os dous comisarios como o director e o deputado coincidiron en cualificar ao artista como ‘o herdeiro actual de Castela’ e en congratularse por rematar o ciclo expositivo deste ano con esta mostra. Carlos Valle insistiu unha vez máis en poñer en valor o traballo do equipo técnico do Museo na montaxe da exposición, unha mención á que tamén se sumou o deputado de Cultura.

Xosé Leal cualificou a Miguelanxo Prado como “un artista total que chega ao gran público e que tamén ten unha importante proxección internacional, sendo un referente en países como Estados Unidos”. Na relación entre a arte de Miguelanxo Prado e o legado de Castela, o deputado incluso aventurou que “Castela hoxe en día tamén faría anima-

ción”. Neste sentido, salientou a parte da exposición que reflicte o traballo de Miguelanxo Prado no programa ‘Xabarín Club’, asegurando que “foi fundamental para achegar a nosa cultura e a nosa lingua a todas as xeracións que medraron con el”.

‘Mar Interior’ é unha retrospectiva que percorre os 36 anos de carreira de Miguelanxo Prado nunha proposta expositiva dun total de 100 obras e que poderá visitarse ata o 29 de xaneiro. O título responde, segundo explicou Fausto Isorna a “unha metáfora do labor artista que como os mariñeiros un día sentiu a chamada do mar para descubrir novos mundos, e que sae dun porto para iniciar singraduras que non se sabe a onde van chegar, e que ás veces mesmo traen algún naufragio”.

Pola súa banda, o propio Miguelanxo Prado sinalou “que o Museo dea cabida a un autor que no 90% da súa obra é banda deseñada é un signo do propio espírito da institución”. Prado puxo o foco en que a banda deseñada en Galiza “é unha das linguaxes artísticas nas que estamos aportando moitísimo, con autores e autoras actuais moi destacadas”. O artista avogou pola banda deseñada como unha forma de arte actual con consideración canónica ao manifestar que “cando a Academia das Artes Galegas me propuxo formar parte como académico numerario para min supuxo unha tranquilidade no aspecto de que unha das formas artísticas do século XX, como é a banda deseñada e a animación, merecen a atención e o recoñecemento como disciplina”.



Mostra retrospectiva ‘Mar Interior’ articulase en dous eixos. O primeiro é vital e sentimental, co mar como teima recorrente e no que están representadas as obras onde ten especial protagonismo: Trazo de Xiz, Ardalén e De Profundis, entre outros. Neste apartado, exhibíense varios cadros con esta temática, material que non é doado ver nas mostras do autor.

O segundo eixo é temático e percorre os diferentes perfís profesionais do artista: o meirande, como historietista, fai un percorrido breve pero intenso polos libros publicados por Miguelanxo Prado, con especial dedicación a Ardalén, obra que mereceu o Pre-

mio Nacional, e o seu último libro, Presas fáciles. Tamén se mostran algúns carteis, material menos coñecido dos afeccionados.

Nos outros dos espazos pódese ver a súa obra como paisaxista, o espazo Lugares; e como ilustrador de libros, obras alleas que o debuxante ilumina; neste espazo se pode destacar o dedicado ao seu amigo, o recentemente falecido escritor Agustín Fernández Paz. Inclúense ademais as súas tres últimas obras: Miguel EN Cervantes, O Dragón, e o inédito Mael: Máis alá do bosque de Cornanda.

Por último, un espazo dedicado á animación, convertido

tamén nun punto de encontro para adultos e rapaces co Xabarín como mestre de cerimonias, onde se poden ver as películas Os Vixiantes do Camiño, en exhibición continua, e De Profundis, en varios pases. Tamén se verán paneis onde se conta a súa aventura como debuxante de animación (Xabarín e Men in Black) e varias cubertas da revista Oink!

As salas estarán complementadas con textos do autor sobre a súa obra e diversas vitrinas con bosqueños, libros, merchandising e outras curiosidades. A banda sonora de De Profundis, obra de Nani García, soará ininterrompidamente como ambiente da exposición.



# ALFESO

## Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03



## Xornadas para recuperación da memoria histórica e política das persoas represaliadas en 1936 ao cumprirse os 80 anos



como Guillermo Rodríguez Fdez. en representación da Editorial Novas do Eixo Atlántico s. L.

De seguido, tivo lugar un acto no que se tratou de poñer rostro aos represaliados coa intervención de Francisco Candeira para falar dos membros da Corporación Municipal de 1936. De seguido entrevistou Roberto Mera para expoñer o caso de Alejandro Viana Esperón, industrial e político ponteareán seguido da intervención de Kiko Neves que protagonizou un acto poético-musical..

O domingo pola mañán celebrouse un acto institucional de homenaxe aos fusilados e represaliados pola Dictadura nas Voltas do Pinal do Foxo (Xinzo), lugar no que, entre outros, foi fusilado o 31 de outubro de 1936 o concelleiro Herminio

González Covelo. O acto consistiu na descuberta dunha placa conmemorativa e na interpretación, por parte dun grupo de metais e percusión, da obra "Oración fúnebre", escrita por Rogelio Groba a petición da Asociación pola Defensa da Memoria Histórica de Ponteareas e "dedicada aos paseados que atopei arrombados nunha gabia cando tiña seis anos" na estrada de areas a Guláns.

Os anos da guerra civil foron especialmente violentos en Galicia, materializándose co asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado de cabelo, inxestión de óleo de rícin, etc. Unha represión que se exerceu con carácter especialmente violento e machista no caso das mulleres.

Ponteareas celebrou os pasados días 25, 26 e 27 de novembro unha serie de actos para a recuperación da memoria histórica e, ao mesmo tempo, en homenaxe aos represaliados/as polo réxime franquista a partir do golpe de estado do 18 de xullo de 1936, do que se cumpren 80 anos. Dentro dos actos tamén se recoñeceu a última Corporación Municipal democrática da etapa da II República.

O Goberno local contactou con varios dos familiares dos represaliados dos que se dispoñen datos, mais tamén fixo un chamamento de colaboración veciñal para localizar a máis descendentes, especialmente daqueles que foron brutalmente asasinados, como o fuxido Manuel González (Fresco), político socialista vigués, afin-

cado en Areas no 1936 ou Bernardo Muíños, taxista de Ponteareas.

Foron homenaxeados os membros da Corporación de 1936 coma o alcalde Benito Casasnovas Rodríguez, o 1º tenente alcalde, Manuel Pino Lago, o 2º tenente alcalde Gabino Castro Estévez, o 3º tenente alcalde Ramón Troncoso Fernández, o 4º tenente alcalde José Sampedro Presa, o síndico José Garra Castellanzuelo e o resto de concelleiros Herminio González Covelo, Luís Rodríguez Carballo, Francisco Castro Álvarez, Manuel Bautista Táboas, Benito Lorenzo Porto, José Trigo Ucha, Francisco Carballido Pino e José Amil Varela. As persoas que coñezan datos poden poñerse en contacto co número de teléfono 986 660

765

Os actos comezaron o venres a partir das 20:00 horas no Salón de Plenos, coa proxección da película documental "Digna Rabia", realizada por Anxo Rodríguez Gallardo e Victoria Martínez Rodríguez, que se centra no papel da muller durante o golpe de Estado e o franquismo. Posteriormente tivo lugar un coloquio coa participación da codirectora, Victoria Martínez, e de varias veciñas de Ponteareas que relataron a súa experiencia.

O sábado comezaron as actividades ás 19:30 h. coa presentación do libro "Saltando a Raia", de Román Alonso Santos, na que participou o autor e o prologuista do libro Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega da Lingua, así



CONFITERIA

# Regino

*Desexalles bo Nadal e doce Ano Novo*

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles  
sublime de cacao . tarta de té  
rocas de chocolate . tarta de franbuesa  
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834